


## Varios concellos da comarca aprobaron os orzamentos antes do cambio do ano

Varios concellos da Chaira aprobaron no último Pleno do ano os orzamentos para o 2022 que varían dependendo do Concello entre os 4 millóns de Guitiriz e Friol, os 3,5 de Cospeito, os case tres de Begonte ou os arredor de 2 que teñen Muras e Meira. Todos eles teñen en conta a promoción e fomento da educación, cultura e deporte, así como capítulos de servizos sociais, como o de axuda no fogar ou as axudas, a estudantes, á luz, á natalidade ou mesmo para os afectados pola covid. Tamén contan con importantes apartados de inversións para a mellora de infraestruturas locais.

## A covid marca o inicio do ano

Despois de dous anos de pandemia parece que a vacinación e as menores restricións animan aos concellos a recuperar o seu funcionamento anterior



As malas cifras que ofrece a covid en canto a súa extensión pola provincia non impiden que os concellos miren para o novo ano con intención de continuar na mesma liña que antes da pandemia pero reservándose a posibilidade de anular grandes eventos ou dispoñer dun remanente de cartos para facer fonte ao que suceda nun futuro. As que prometían ser as festas de Nadal de volta á normalidade acabaron castigadas polo desbordado crecemento da covid. Despois de ter a comarca case limpa, a situación deixou a todos os concellos con presenza do virus de forma desbordada, agás o Muras que se atopa sen casos dende fai máis de 15 días.

**vilalba.** Convocada a segunda liña de axudas pola covid. **Pax. 2**

**as pontes.** Invisten máis de 71.000 euros nos accesos a centros educativos. **Pax. 8**

**friol.** O Concello tramita a compra duns terreos para un proxecto social. **Pax. 10**

**abadín.** Traballan para relanzar a plataforma de venda on line do grelo. **Pax. 12**

**guitiriz.** Luz verde ao novo proxecto de construción da residencia. **Pax. 17**

**castro de rei.** Comezan as obras das beirarrúas en Castro de Rei. **Pax. 18**

**xermade.** O Concello faise coa reitoral de Santa María. **Pax. 20**

## O CIN de Bretoña ten novas mostras




Conta con tres novas salas de exposición. **Pax. 6**

## Manuel Requeijo é o alcalde de Muras



Falamos co rexedor local sobre o Concello. **Pax. 14**

## Ainara Pérez fai un balance do ano



É concelleira de Igualdade en Guitiriz. **Pax. 16**

## Aprobado o Plan Único cun investimento de 21,5 millóns

A Deputación sacou adiante as bases do Plan Único do ano 2022, que está dotado con 21,5M€ e que simplifica aos concellos a xestión dos fondos ao eliminar trámites administrativos intermedios. A propos-

ta foi aprobada cos votos a favor do PSdeG e do BNG, e coa abstención do PP. Prevese que a principios de xaneiro xa se poida abrir o prazo para presentar os proxectos que queren desenvolver. **Pax. 24**

**NOVALUX**  
óptica & centro auditivo

**VILALBA**  
C/Plácido Peña 9  
Tel. 982 510 100  
604 03 20 92  
Nº R.S. E-27-000351 / E-27-000333

**AS PONTES**  
Av. de Galicia 91  
Tel. 981 45 15 04  
604 02 21 80  
Nº R.S. E-15-000024 / E-15-001170

novaluxoptica.com

**OS TEUS AUDÍFONOS DIXITAIS DENDE 890€.**

E-27000351

\* Promoción válida ata o 31 de Xaneiro

## Pecha o auditorio Carmen Estévez por problemas técnicos

O Concello de Vilalba anunciou a suspensión ou aprazamentos de todos os actos que se ían celebrar no Auditorio Municipal no mes de decembro.

Segundo indican nun comunicado á veciñanza, esta decisión tomouse por "problemas técnicos que impiden desenvolver os concertos garantindo a seguridade". Así, as persoas que xa teñen compradas as entradas dos eventos que teñen prezo recibiron a devolución pero para os gratuítos, quedan sen efecto as entradas retiradas, de xeito que cando se reprogramen os concertos, de-

beranse adquirir de novo. Esta medida queda aparte para a presentación do libro de Paulo Naseiro e actuación de Xorima, que se manterán as entradas xa adquiridas.

O Concello informou tamén que canto se poñan novas datas, informarán polas canles oficiais. O peche do edificio elimina provisionalmente unha gran parte da programación prevista de Nadal, que se ía celebrar neste edificio. Na súa entrada entanse a realizar nestes días os cribados da covid por parte de persoal do Sergas para toda a comarca.

## Adxudican 40 obras no rural

O Concello adxudicou corenta obras destinadas a mellorar e pavimentar viais e camiños no rural, cun investimento conxunto de 795.000 euros.

Os traballos comezaron o 10 de xaneiro e as adxudicacións forman parte dun acordo entre o grupo de goberno e Vilalba Aberta.

Entre as obras, están os accesos a Corvite e Pumariño (Goiriz); traballos en Os Muíños (Sancobad); acceso a Vesura (Santaballa); As Veigas (Santaballa); acceso a Vilate (Lanzos); acceso a Fontevella (Lanzos); acceso a Broz (Goiriz); acceso a As Chousas (Corvelle); accesos á igrexa de Román, Valiño, Revolta e Carboeira (Román), e acceso a Tineos (Tardad).

Haberá tamén actuacións de pavimentación no acceso a Os Castros,

Lourixe e Aguiar (Nete); acceso a Fontechousa (Distriz); acceso Villamartin (Rioaveso); pista da Seara (A Costa); pista de Saa (Torre); acceso a Braña (Ladra); acceso a Barral (Sancobad), e accesos ao Carballal e Os Fornos (Corvelle).

Outras obras serán nos accesos a Montsalgueiro, A Casanova e Laguela (Goiriz); acceso a Bouzabelle (Román); acceso a Cordal (Codesido), e accesos a Veiga Pena Grande, A Pedreira, e As Lamelas (Carballido). Por último, haberá melloras nas Lamelas (Carballido); accesos a Macán, o Catadorio E Pardasalbas (San Simón); accesos aos núcleos rurais de Abadín e Carretera (Alba); acceso ao núcleo rural de Campelos (Rioaveso), e aglomerados en José María Chao Ledo (Santa María) e a rúa da Emigración (Santa María).

## Convocada a segunda liña de axudas para afectados pola covid

O Concello publicou as bases da segunda convocatoria das axudas a autónomos e empresas afectados polo peche obrigatorio das súas actividades durante a crise sanitaria. Esta liña é adicional á primeira fase das axudas.

Nesta segunda liña de axudas, o goberno local investirá 113.650 euros, que se suman aos 236.350 concedidos da primeira convocatoria. Deste modo, o Concello realizará un investimento total de 350.000 euros en axudas ás empresas e autónomos. O goberno local permite acollerse a esta axuda a aqueles autónomos e empresas que non solicitaron a primeira convocatoria. Ademais, esténdese a axuda a outros sectores non incluídos na primeira fase pero cuxos

ingresos tamén diminuíron por mor da covid-19.

Esta liña de axudas diríxese a aquelas empresas ou autónomos/as do municipio que tiveron que pechar os seus establecementos nalgún momento dende que se declarou o Estado de Alarma de marzo de 2020 ou outras medidas restritivas posteriores aplicadas dende o Estado ou pola comunidade autónoma para xestionar a crise sanitaria.

Establécense varios grupos beneficiarios destas axudas, en función do tipo de negocio, cuxos importes son de 850, 1.300, 2.000 e 5.000 euros. Poderán percibir estas axudas as empresas ou autónomos/as cuxas actividades estivesen afectadas polas restricións sanitarias, detallándose

este requisito no Anexo I da convocatoria. A súa facturación anual non pode superar os 500.000 euros, agás nos negocios de hostalaría que superen os 10 empregados. No caso dos autónomos/as, deberán estar afiliados como tal dende, como máximo, 8 meses despois do 14 marzo de 2020, e continuar de alta na actualidade. A actividade deberá desenvolverse no municipio, polo que ten que radicar no mesmo o centro de traballo afectado. Estas axudas son compatibles con calquera outra. O modelo de solicitude destas axudas está dispoñible na web [www.vilalba.gal](http://www.vilalba.gal), debendo presentarse a través da Sede Electrónica do Concello de Vilalba. O prazo para solicitar rematará o 20 de xaneiro de 2022.

## Comeza o pintado da zona azul

O Concello comezou co pintado da zona azul aínda que a medida non entrará en vigor polo momento.

Os traballos comezaron desde a rúa Campo de Puente ata o antigo ambulatorio, e continuarán na rúa Placido Peña ata a intersección da rúa das Pontes de García Rodríguez, no aparcadoiro subterráneo da praza da Constitución e a rúa Pravia.

Non se realizarán de momento os traballos na rúa Xosé María Chao Ledo, xa que na mesma haberá unha actuación para poñer un novo aglomerado nas próximas semanas. O horario da zona azul será de luns



a sábado de 09:00 a 14:00 horas, estando permitido o estacionamento de xeito gratuito nun período máximo de noventa minutos. Tamén se regulará o aparcadoiro

subterráneo da praza da Constitución de luns a sábados de 09:00 a 19:00 horas, de xeito que os vehículos só poderán estacionar neste lugar un máximo de 90 minutos.



## CENTRO DE ODONTOLOGÍA E IMPLANTOLOGÍA

*20 Años a tu lado*

Dr. Juan Francisco Lema Ferro Coleg. 270000874

Dra. Noelia Fernández Agudo Coleg. 270001206

Horario: Lunes a jueves de 9h a 14h y de 16h a 22h.  
Viernes de 9h a 14h y de 16h a 20:30h.

Camiño Real 36-38 Entresuelo Izda. 982 228 428 - 608 937 993  
[www.clinicadentaltest.es](http://www.clinicadentaltest.es) / [dentaltest@yahoo.es](mailto:dentaltest@yahoo.es)

clínica **TEST** dental

Parking gratuito

# “Recomendo sempre comprar calidade porque a longo prazo sae mellor”

Pablo Paz é o propietario de Texas

Texas é un referente na comarca no relativo a roupa de calidade. Dispón de dous establecementos moi ben situados nos centros de Vilalba e As Pontes.

## Cal é a historia de Texas?

Eu comecei traballando como empregado alá por 1989 na tenda Texas en Vilalba, máis tarde cando se abriu a tenda das Pontes vin eu traballar a ela. Posteriormente quedeime coa tenda das Pontes como propietario e finalmente collín tamén a de Vilalba. Os anteriores propietarios eran familiares meus.

## Cantos anos fai que sucedeu ese relevo?

Pois a das Pontes fai en torno a 15 anos. Sempre estivemos nas mesmas instalacións nas dúas poboacións. Fixemos reformas pero sempre na mesma dirección. Casualmente atópanse en avenidas co mesmo nome, na avenida de Galicia, 41, en Vilalba e na avenida de Galicia, 61, nas Pontes.

## Cambiou o mercado dende que comezou a traballar neste sector?

Moito, antes tiñas un mostrario moi pequeno ou máis limitado, agora un provedor ten liñas moi amplas. Agora nas tendas temos que ter un pouco de todo, calzado, roupa interior, pantalóns, pantalóns de trekking.

## E segue sendo fiel as marcas coas que comezou?

Sí, salvo dúas que por circunstancias da vida tiveron que pechar. Pero con moitas delas estou desde que comecei a traballar no sector.

## Que marcas podemos atopar?

Lois, BX Jeans que é unha marca que innova moitísimo, por exemplo, esta tempada fixo un pantalón repelente

a auga, fixo outro que regula a temperatura, outro con grans de café reciclados; Stats que se trata dunha empresa galega, concretamente de Ourense, fábrica pantalóns, camisas, xerseis. Temos Animosas que é de Vigo e oferta camisetas de muller con temáticas reivindicativas, temos tamén a Montoto que funciona moi ben. Despois temos a Blend que xa é unha multinacional. Dispoñemos de moitas marcas locais, que non só son de aquí cerca senón que teñen a súa produción en Galicia directamente ou no norte de Portugal.

## Nótase a diferenza de calidade nestes provedores galegos?

Estas marcas ao fabricar aquí teñen dúas grandes vantaxes, que teñen un servizo moi rápido e unha calidade moi boa. Traballan moitas veces con deseños exclusivos e cunha calidade boísima. E no referente ao servizo, por exemplo, cando encallou o cargueiro no canal de Suez nos non tivemos problema ningún e outras tendas e marcas quedaron sen servizo e sen produto.

## Con que gama de roupa contade?

Temos un produto de gama media, pero sempre nos adaptamos as necesidades dos clientes. Se algún demándanos algo máis económico, sempre dentro dos nosos criterios de calidade pois intentamos conseguilo.

## En canto ás liñas de produción...

Traballamos tallas dende a 34 ata a 74, é dicir, desde unha moi pequena ata unha talla grande, nas partes de arriba temos ata a 5XL. Estas tallas grandes son moi demandadas polos clientes xa que non son doadas de atopar. Despois no referente a tipo-



loía de prendas temos pantalóns, camisetas, camisas, cazadoras, xerseis, temos gama máis sport e despois incluso temos traxes e vestidos de festa. Despois temos americanas, calcetíns, roupa interior, agora temos pantalóns deportivos Extreme aptos para rutas de sendeirismo, polares aptos para a actividade deportiva. E en calzado destacaría a marca coa que traballamos desde fai unha tempada que se denomina Natural World. É unha marca española, que mira polo medio ambiente, ecolóxica feita por uns rapaces que traballan cunha boa calidade e un prezo moi razoable e son moi cómodos.

## A calidade é importante, non?

Eu recoméndolles aos clientes sempre comprar calidade, a veces sae mellor comprar prendas un pouco máis caras porque á longa saen mellor, aínda que tamén existen produtos moi axustados de prezo para a alta calidade que presentan. Aquí cando compramos non escatimamos na calidade.

## Nas tendas de proximidade cal cre que é o factor máis determinante para ter éxito?

A confianza. O cliente vén porque ten confianza en ti, coñécete desde fai anos e sabe que pode deixarse asesorar. Este motivo é recíproco, que eu coñeza ao cliente tamén dame unha gran vantaxe. Cando vemos entrar a un cliente fiel xa podemos asesoralo en función dos seus gustos, sen prexuízo de que queira cambiar de estilo cando queira.

## Moitas das marcas e produtos que traballa non se atopan en ningún outro comercio da zona, a xente leva unha sorpresa cando ve toda esta variedade?

Os meus provedores coidan moito de nós e gústalles traballar con clientes exclusivos, e si que nos encontramos con visitantes e turistas que non contan atoparse esta cantidade de marcas de calidade e a variedade nun local dunha vila.

## Que tivera provedores de confianza dende fai tantos anos axudou a capear a crise da covid?

Valeunos moito, porque encima colleunos coas tendas cheas de mercadería pois acabábase de comprar a tempada nova. Os mesmos distribuidores puxéronse en contacto con nós para dicir que nos apoiaban, que non nos preocupáramos que xa se solucionarían as cousas, eles tamén o pasaron mal naquel momento, foi unha etapa difícil.

## Como se modificou o consumo a raíz da pandemia?

A xente deuse conta de que tes que coidar o que tes ao lado da casa. Nós estamos agradecidos aos clientes e creo que eles tamén son conscientes da vida que xera que existan negocios locais nunha vila, da alegría e movemento. A min dóeme cando un negocio ten que pechar, tamén perdemos algo de vida social.

## Que plans tes para o futuro?

Pois seguir traballando como ata agora. Saíndo adiante e ofrecendo sempre o mellor servizo.

## Mans Unidas recada 3.000 no seu rastrillo

Mans Unidas comarcal de Vilalba rematou o seu rastrillo solidario cun balance moi positivo malia non poder rematalo mes de decembro por mor do aumento da covid.

Estas dúas actividades iniciáronse o día 2 de decembro coa inauguración do rastrillo e todo o recadado, que ascende a algo máis de 3.000 euros destínase ao proxecto de integración de discapacitados en Nagaland-India. O sorteo da cesta celebrouse o día 22 ás 12.00 horas e a rifa premiada é a número 1311, que corresponde a José Luis Lozano de Oleiros.

A cesta estivo elaborada con produtos de proximidade donados por empresas habituais colaboradoras e dos seus proxectos como Imprenta Junor, Adegas Celme, Champivil, Elote, Don Gabino, Pingas de Gaia, Representaciones Cabarcos ou Entrepinares, ademais doutros que preferiron manterse no anonimato.

## Actividade para decorar a biblioteca

A biblioteca de Vilalba vestirse de gala e para iso acollerá do 25 ao 28 deste mes unha actividade que leva o nome *Imos decorar a Biblioteca*, a través da que se decorará este centro utilizando materiais reciclados, libros e revistas vellas.

A iniciativa está dirixida a nenos de entre 4 e 12 anos, que se dividirán en grupos segundo a idade. Os que teñan entre 4 e 8 anos irán os días 25, 26 e 27, e o resto, o día 28. A actividade terá un horario de 16.30 a 18.30 horas todos os días.

Os que desexen participar poden xa anotarse ata o día 18 chamando ao 982.51.22.32, por whatsapp no 626 399 329 ou no correo electrónico vilalba.rbgalicia@eidolocal.es. Para axudar nesta iniciativa poden colaborar con libros e revistas vellas ou estragadas, xornais e cartóns.

# REBAIXAS

# 12 MESES

Fibra 1.000 Mb  
Móbil 50 GB

---

30€/mes

44€/mes

Fibra · Móbil · Fixo

Configura o teu paquete a medida en

[www.adamo.es](http://www.adamo.es)

Chama xa gratis ao **900 651 679**

**30% de desconto durante 12 meses!**

A revolución da Wi-Fi chega con Adamo! Instalámosche gratis o mellor router do mercado

Oferta válida exclusivamente para novos clientes que non contrataran Adamo nos últimos 3 meses e que contraten entre o 10/01/2022 ao 28/02/2022, ambos inclusive. Non combinable con outras promocións. Internet FAST! + móbil limitado 25 GB coa promoción, durante os primeiros 12 meses, só pagarás 30 €/mes, despois PVP total 44 €/mes. Ademais, por contratar móbil 25 GB, levas de agasallo 25 GB adicionais para sempre. Prezo final con IVE e cota de liña incluídos. Promoción suxeita á permanencia dos servizos de Adamo durante 12 meses. Cota de activación 12,10 € (IVE incluído) que inclúe a instalación dun router premium. En caso de que o cliente solicite a cancelación do servizo e se dese de baixa antes de transcurrir 12 meses, terá un cargo da parte proporcional de 163,39€ (IVE incluído) en concepto de permanencia. Liñas adicionais limitadas a un máximo de 4 por cliente.

## Fallado o III Concurso de Escaparates

O Concello de Vilalba entregou os premios do III Concurso de Escaparates de Nadal en Vilalba.

En total, 39 establecementos participaron neste concurso. Nesta terceira edición do certame, o mellor escaparate segundo o xurado foi o presentado por Pinturas A. Rouco, dotado con 600 euros.

O segundo premio, de 400, recaeu en Carlín e o establecemento A Chave dos Soños foi, baixo a decisión do xurado, o terceiro mellor escaparate, con 200 euros.

Doutra banda, o local As Nubes foi o escaparate máis votado pola cidadanía nas redes sociais, recibindo un premio de 100 euros.

A valoración dos escaparates baseouse na orixinalidade e a complexidade, a artesanía, a creatividade, o deseño e a calidade, o atractivo comercial e a decoración acorde ao produto de venda.

## O PP acusa ao Concello de incumprir promesas

“O goberno local de Vilalba é ineficaz no esencial e importante para os veciños”. Así o definen os populares facendo balance deste 2021 con “moitas promesas incumpridas por parte do goberno socialista e unha total falta de xestión”.

A voceira Sandra Vázquez explica que “seguimos á espera de pasos adiante sobre o PXOM, o Plan de Mobilidade ou a ampliación do polígono para a creación de máis solo industrial. Tampouco hai avances sobre a depuradora, o centro de día ou a RPT que permitiría actualizar os postos de traballo e incorporar persoal administrativo para avanzar nos expedientes do Concello”.

Vázquez engade outros exemplos que evidencian a “falta de xestión do goberno local de Vilalba”. De feito, “o Concello de Vilalba non dispón dun-

has contas aprobadas para o 2022: outro ano máis sen orzamentos”. A este respecto, lembra que “o actual goberno non foi capaz de presentar ningún proxecto de orzamentos, a ferramenta imprescindible”.

Igualmente, incide a popular en que “o contrato de recollida do lixo leva máis dun ano e medio caducado e o goberno local continúa sen licitar de novo; a pesar de que a alcaldesa se comprometera a facelo antes de que rematase o ano pasado”.

“O Concello ten concedidas 1.300 horas ao mes da Xunta; pero non as está cubrindo, a pesar de haber persoas en grado 1, 2 e 3 en lista de espera”, condena.

Os populares condenan que os sectores afectados pola pandemia tiveran que agardar 11 meses a que o goberno local dese cumprimento



Manifestación dos comerciantes da Pravia durante a Feira do Capón

ao acordo plenario de xaneiro e convocase as axudas. “A inactividade do goberno socialista lastrou a situación de autónomos e negocios que sufriron a crise da covid-19”, di a voceira. Vázquez remarca que “tamén prexudica aos comerciantes da rúa da Pravia a decisión unilateral do goberno local de converter esta vía en unidireccional, unha situación que tamén xera inconvenientes para veciños e visitantes”. A este respecto, engade que “aínda non coñecemos os infor-

mes técnicos e xurídicos que avalen a decisión xa adoptada polo goberno local socialista”.

A voceira fai fincapé na situación de minoría deste goberno local tras “apartar de forma unilateral a Vilalba Aberta do goberno de coalición”. Esta situación “obriga ao goberno municipal a negociar para tratar de chegar a acordos cos outros grupos da corporación”. Así, “houbo que esperar 11 meses para convocar as axudas aos entes asociativos”.

## Vilalba Aberta levará a Pleno os recortes do Sergas e dúas demandas veciñais

A responsable de Vilalba Aberta Mónica González anunciou a que unha das iniciativas centrais da formación municipalista no Pleno Ordinario de xaneiro será a de “reverter os recortes de servizos no centro de saúde” e na defensa do “reforzamento da Atención Primaria”.

Denuncian dende VA que non se cubran as últimas baixas por xubilación en medicina xeral e advirten do risco que supón que as próximas sigan o mesmo camiño. Na mesma liña, dende a formación lémbrese que dende o mes de Xuño hai veciños/as que están sen médico de tarde sendo, neste caso, o motivo o cambio de facultativo a outro centro de saúde. “En todo ese tempo só tiveron dúas

substitutas que, entre unha e outra, estiveron arredor dun mes e agora tanto poden ter cita pola mañá ou pola tarde, independentemente de que que teñan o médico de tarde”, censurou González.

Así, e ao tempo que cualificou de “inconcibible” que haxa esperas de “ata 15 días para unha cita presencial ou telefónica nalgúns supostos”, a responsable de VA explicou que a esta “acelerada perda de servizos” cómpre sumarlle que dende hai tres anos “non temos oculista”.

**DEMANDAS.** Por outra banda, Vilalba Aberta vén de rexistrar unha nova interpelación á alcaldesa polo “deplorable estado” da estrada pro-

vincial LU-P-6501 ao seu paso por Vilalba, chega logo de que a Deputación actuara sobre o firme do tramo pertencente a Cospeito, ficando, un ano máis, o pertencente ao Concello de Vilalba “nun completo estado de abandono”.

Tamén, logo dunha xuntanza coa veciñanza de Vilar de Pígaro, a formación vén de rexistrar unha nova iniciativa pola vía da renovación e mellora do camiño de acceso. Coñecida como “Camiño de Pígaro”, trátase dunha vía que, na actualidade, da servizo a unha decena de vivendas e a cuxo deterioro, cómpre sumarlle a ausencia de canalización, situación que reclamarn os veciños “dende hai xa demasiado tempo”.

## Vilalba xa loce en cantería



O Concello de Vilalba estreou, seguindo a moda da maior parte dos municipios, o nome de Vilalba en letras xigantes en plena praza da Constitución.

Estas foron elaboradas seguindo a tipografía corporativa do Concello, en cantería pola man do canteiro local José Gómez de Bernardo, unha obra que tiña que terse pre-

sentado antes pero que se foi retrasando pola covid.

Esta iniciativa enmárcase dentro do plan de promoción e embelecemento do centro urbano, no que tamén se inclúen actuacións de humanización de espazos ou murais en fachadas como os pintados recentemente xunto ao auditorio ou o consistorio.

### EN CAMPAÑA SERVICIO 24H.

DISTRIBUIDOR OFICIAL



**STARK**  
ET ALIQUO



DESCUENTOS ESPECIALES...



...desde un 70%  
en rodamientos  
populares

...y desde  
un 60%  
en correas  
industriales



**RECAMBIOS Y SUMINISTROS**

RECAMBIOS EN GENERAL - HIDRÁULICA - NEUMÁTICA - JARDINERÍA - VENTA DE MAQUINARIA - SERVICIO DE REPARACIONES

Rúa do Freixo, P-53 - Pol. Ind. Sete Pontes, 27800 Vilalba - Lugo. Tel.: 982 831 105 - 609 392 656 - recambios@sesacar.com

# Albosat, referencia en servizo técnico de electrodomésticos

No 2011 José Antonio Leal e Germán Corral fundan esta firma, que ofrece atención completa de venda, envío, posta en marcha e recollida

## Como nace a idea de crear Albosat?

Os dous procedíamos do sector dos electrodomésticos, tiñamos experiencia na reparación dos mesmos. Traballabamos os dous na mesma empresa, pero coa crise do 2008 esta desapareceu. Dende aquel momento decidimos xuntarnos e traballar pola nosa conta. Comezamos no 2011, ao principio como servizo técnico e, logo de falar con Milar, como tenda de electrodomésticos.

## Que vantaxes ten pertencer a un grupo como Milar?

Permíteche o acceso a un catálogo de marcas e referencias moi amplos ao tempo que che dá unha rapidez no servizo que de forma independente non poderíamos ter. Por exemplo, asesorando a un cliente, se non temos o modelo que mellor se adapta ás súas necesidades, podemos encargalo á central e moitas veces ao día seguinte xa o podemos ter en tenda. Co cal podemos abarcar case

calquera esixencia que nos trasladan os usuarios. Tamén ofrece unha importante imaxe de marca e maior visibilidade, xa que adoitamos facer publicidade en diferentes medios.

## Que gamas de electrodomésticos tedes dispoñibles?

Temos liña branca é dicir, lavadoras, lavalouzas, frigoríficos, conxeladores, etc. Temos liña marrón como poden ser as televisións, equipos de sons e vídeo e despois tamén temos a liña de pequeno electrodoméstico, na que temos electrodomésticos de cociña como microondas, cafeteiras ou robots de cociña, de limpeza como robots de limpeza, aspiradoras, temos tamén pranchas e artigos de coidado persoal. Unha gama moi variada.

## Ultimamente fálase moito do recibo da electricidade, axuda ter electrodomésticos eficientes no consumo de enerxía?

Hoxe case tódolos aparellos da

casa funcionan con electricidade, se só tes un aparello eficiente igual non o notas moito, pero cando comezas a sumar, se tes a maior parte de electrodomésticos con clasificación enerxética eficiente por suposto que hai unha diferenza. En Albosat cando saen axudas públicas para a compra de estes artigos eficientes adoitamos participar como tenda colaboradora, que non deixen de preguntar os nosos clientes se están interesados.

## Que servizos ofertades xunto coa venda do electrodoméstico?

Cando alguén compra electrodomésticos con nós, por norma xeral, no prezo xa levan incluído o envío a domicilio, a posta en marcha do aparello e a retirada do modelo vello se é o caso. Para nós este servizo de atención é fundamental, ás veces atopámonos con xente que compra en grandes superficies e despois ao prezo de compra ten que engadir suplementos para ter o electrodomés-



Unha vista de Albosat, situado en Vilalba

tico funcionando na casa.

## Comezastes co servizo técnico, que zona abarcades e que tipo de prestación ofertades?

Collemos Vilalba e gran parte da comarca, é habitual facer reparacións en Xermade, Abadín, Begonte ou Cospeito, por exemplo. E saímos a reparar electrodomésticos de todo tipo. Ás veces imos nós o domicilio e outras veces o propio cliente trae os aparellos á tenda. Tamén realizamos instalación de antenas se fora preciso. Para nós é importante ofrecer un bo e rápido servizo ao cliente. Incluso cando hai unha urxencia, como nos

ten pasado ás veces, que falla un conxelador e se poden perder os alimentos, mentres se realiza a reparación deixámoslle un ao cliente para que non perda esa comida.

## Se queren contactar con vós, como poden facelo?

Poden chamarnos ao 655 470 030 ou ao 982 510 581, tamén por medio de correo electrónico en [info@albosat.es](mailto:info@albosat.es), no móbil tamén poden enviar un whatsapp. Debemos dicir tamén que prestamos servizo de reparación ás principais compañías aseguradoras, que o cliente non deixe de preguntar se ten dúbidas sobre este tema.

Hijos de  
Ramón Rubal

COMPRAMOS  
MADERA  
PINO Y EUCALIPTO

982 55 86 00

ASERRADERO Y APROVECHAMIENTO FORESTAL

DPTO. FORESTAL 665 69 72 99 - 671 72 22 42

[www.hijosderamonrubalsl.es](http://www.hijosderamonrubalsl.es)  
[alfoz@hijosderamonrubalsl.es](mailto:alfoz@hijosderamonrubalsl.es)

## Presentación do novo libro de Antón Valcarce

O club de lectura Entre Liñas da Pastoriza convocou unha nova actividade que consistirá na presentación do libro *A vida nas botas*, de Antón Valcarce, publicado por Peruchela Ediciones. A sesión terá lugar o sábado 15 de xaneiro, ás 21.00 horas no Fogar de Maeloc sempre e cando a situación sanitaria o permita. Durante esta actividade combínanse poesía e canción.



## O CIN de Bretoña conta con tres novas salas de exposicións

O CIN de Bretoña conta con tres novas salas de exposicións, así, á mostra xa dispoñible das pezas atopadas no Castro de Saa unirase agora unha exposición de fotografía antiga e de etnografía da Pastoriza e dúas exposicións organizadas polo escultor Fernando Villapol.


A exposición fotográfica, que está situada no andar superior, conta con imaxes e con paneis que ilustran textos etnográficos e poemas de persoaxes locais sobre a música, a emigración e os paradoxos da modernidade.

No tocante á primeira mostra de Villapol e baixo o título Britonienses ilustres, pódense atopar obxectos e esculturas de personaxes relevantes de Bretoña. Nela podese ver un escritorio dun cirurxián tío do poeta Manuel Leiras Pulpeiro e tamén o somier ou a estrutura dunha cama do doutor Pedro Gasalla.

Na segunda exposición, que se atopa nun edificio anexo ao centro e que era un antigo forno, pódese desfrutar dunha interesante colección persoal de botellas de gaseosa titulada Augas Mayloc e que se atopan colocadas por provincias.

Trátase dun proxecto levado a cabo polo escultor Fernando Villapol co cal, na súas palabras, pretende "render unha homenaxe a aquelas persoas emprendedoras que, aproveitando as augas da súa zona e converténdolas en pequenas industriais locais de gasosas e refrescos, deron resposta ás necesidades físicas e sociais do seu tempo nunha Galicia dispersa, illada e con precarias vías de comunicación".

A colección confórmana unhas 570 botellas de diferentes localidades



Arriba, unha imaxe da nova mostra e, abaixo, o alcalde ante un dos paneis

ordenadas por provincias, así como 350 envases de sifóns e aproximadamente 250 botelliñas de refrescos. As máquinas que as acompañan, propias de comezos e mediados do século XX, aínda poden poñerse en funcionamento para mesturar o gas, envasar, etc.

No acto de presentación participaron o alcalde da Pastoriza, Primitivo Iglesias, o escultor, Fernando Villapol, e o arqueólogo do Castro de Saa, Emilio Ramil González.

O CIN de Bretoña conta cun muestrario dunha peza tallada en madeira realizada por Ismael García Rodríguez con motivo das festas do Lugnasad 2020 de Bretoña, simbolizando a árbore da vida celta.

Así mesmo tamén posúen unha maqueta do castro de Bretoña, unha das pezas que máis interés causa, e que é unha reconstrución hipotética realizada no ano 1998 por Eva Seoane seguindo as fontes arqueolóxicas e utilizando materiais naturais como cortiza, madeira, pedra propia de Bretoña, coiro, brión e estopa. É propiedade da Asociación Xuvenil Auruxeira, e foi restaurada este mes-



mo ano pola autora.

**PANEIS INFORMATIVOS.** O Concello da Pastoriza instalou dous paneis informativos sobre o Castro de Saa en Fonmiñá e no Castro de Saa. Este castro é un asentamento fortificado da Idade de Ferro situado na parroquia de Baltar, un dos máis monumentais e singulares da provincia de Lugo.

Os paneis con guías QR permiten coñecer o patrimonio histórico cultural do Concello e, xunto coa exposición dos achados feitos no castro, situada no Centro de Interpretación (CIN) de Bretoña, mellora sustancialmente a oferta cultural da Pastoriza.

## rábade



## Rábade acolleu en Nadal un torneo de fútbolín

Rábade volveu ser centro do fútbolín este Nadal coa celebración do Torneo Cego de Nadal na súa terceira edición oficial cun novo éxito de participación. O torneo celebrouse no O Peneiro Café Taberna e con sorpresas tanto para os finalistas coma para os que non puideron acadar os obxectivos. Os campións foron Mar-

tín Ogando, de Pontevedra, e Jesús Castro, de Rábade. En segundo lugar quedaron César Blanco e Alberto Lago, que xogaron unha impresionante final que quedou 4-3. O terceiro posto foi para Víctor Fernández Tori e Álvaro GB, deixando o cuarto posto para Danny Yepes e Raúl Fernández.



**LINER ARMADO RENOLIT  
ALKORPLAN PARA PISCINAS**  
Pida presuposto sen compromiso



**Especialistas en impermeabilizacións con láminas PVC  
e láminas asfálticas, de aplicación en:**  
Terrazas, cubertas, medianeiras, revestimento de canalóns


**FACEMOS DEPÓSITOS PARA REGADÍO E PARA AUGA POTABLE**

## O CONCELLO DE VILALBA mellora as vías de comunicación do rural

### OBRAS EN SAMARUGO - CORVELLE.

MELLORADA A ESTRADA QUE ENLAZA AS PARROQUIAS DE SAMARUGO E CORVELLE.

O Concello de Vilalba inviste 44.442€ na rexeneración de 3,250 quilómetros de estrada na zona das Veigas. Os traballos consistiron na limpeza de noiros, a regularización da súa base e a pavimentación de toda a superficie con bituminosos



### OBRAS EN BIDUEIROS.

EXECUTADAS AS OBRAS DE ACCESO AO NÚCLEO DE BIDUEIROS EN GOIRIZ.

25.000€ de inversión para a renovación do pavimento ao longo de 960 metros neste tramo pertencente ao Camiño de Santiago, moi utilizado por veciños e viaxeiros.



## VILALBA avanza na accesibilidade, humanización e modernización dos espazos públicos

### OBRAS EN RÚA DAS PEDREIRAS.

O CONCELLO DE VILALBA RENOVA DE FORMA INTEGRAL A RÚA DAS PEDREIRAS.

Unha reforma que supón un novo concepto de entender o urbanismo, cunha plataforma única e dotada de beirarrúas máis anchas para dar protagonismo as persoas. Actuouse sobre 3.000 m<sup>2</sup>, e incorporáronse un 10% de pavimentos permeables que permiten a infiltración directa das augas pluviais, reducindo a necesidade de depuración de augas. Créanse novas redes de abastecemento, un sistema de saneamento separativo (pluviais e fecais) e sección soterradas para as redes de telecomunicacións e electricidade/gas existentes na rúa. Incorporáronse luminarias led así como novo mobiliario. Finalmente aumentaron as zonas verdes e plantáronse unha ducia de árbores autóctonas.



## EN BREVE

**EXPOSICIÓN.** Segue aberta ata o 17 de xaneiro a exposición de rúa *Resilientes* promovida pola delegación de Ferrol, da Asociación Española Contra o Cancro e Afundación, a Obra Social de Abanca. Trátase dunha colección homenaxe a varias mulleres que sufriron ou sofren na actualidade cancro de mama.



**XOVES NA BIBLIO.** A biblioteca das Pontes continuará este mes cos Xoves na Biblio. O día 20 Brais das Hortas levará ás Pontes o seu espectáculo *Contos para cagar patatillas*, para nenos de 4 a 12 anos. Finalizarán o mes cos contos de Caxoto co título *Miña casa, meu lar*, con sesgo ambiental. Está orientado á rapazada de 4 a 10 anos. Todas estas actuacións terán lugar ás 18.00. horas.

**ITV.** A unidade móbil da ITV agrícola está entre os días 24 e 25 de febreiro na rúa 8 de marzo para facer as inspeccións técnicas a vehículos agrícolas. As revisións faranse de 9.00 a 13.30 horas e de 15.15 a 18.00 horas agás o 25, que será só en horario de mañá. A unidade de inspección de ciclomotores estará o 7 de febreiro no circuíto Karts-Paseo Constitución. Para participar é necesario pedir cita previa, chamando ao teléfono 902 30 90 00 ou a través da páxina web [www.sycitv.com](http://www.sycitv.com).

## Destinan máis de 71.000 euros aos accesos a centros educativos

O Concello investirá 71.370 euros, de fondos municipais, nas obras de mellora da accesibilidade, pavimentación e saneamento do calexón de acceso ao CEIP A Fraga e nos traballos de cobertura da zona de entrada ao CEIP A Magdalena.

Os traballos no CEIP da Fraga están destinados a mellorar as eivas existentes no pavimento da zona de acceso ao centro e a aumentar a seguridade da veciñanza mediante a demolición de parte do pavimento e a súa substitución por unha soleira de formigón coloreado que, así mesmo, permitirá mellorar a accesibilidade desde a beirrrúa da Rúa Doutor Varela González. Ademais procederáse á instalación dun novo colector de augas pluviais para evitar a creación de poceiras na zona e exe-



Colexio A Magdalena das Pontes

cutaranse novos sumidorios. No do CEIP A Magdalena farán dúas estruturas metálicas con paneis de policarbonato, que permitirán protexer ao alumnado da climatología adversa. Con tal obxectivo está sendo executada unha estrutura, que cubrirá o acceso principal e unha

pérgola para a entrada lateral estando prevista, nesta zona, unha ampliación dun metro no ancho da beirrrúa co obxectivo de facilitar á accesibilidade dos alumnos e alumnas. Ambas construcións alcanzarán unha altura de 3,40 na parte máis alta e de 3,00 m na zona máis baixa.

## Cohempo xa ten gañadores do seu concurso de decoración

O concurso de decoración de fiestras na campaña de Nadal organizado polo colectivo Cohempo xa ten os seus gañadores. Repartíronse un total de 3000 euros en premios en tres categorías: casas, fiestras e portais, con tres premiados en cada unha delas.

Na categoría de casas, o primeiro premio foi para Vanesa Rivera Franco e o segundo para Sonia Vilaboy Filgueiras para rematar co terceiro que lle correspondeu a Mari Carmen Martínez López. Entregáronse ademais

accésits de 100 euros a María Vivei-

ro, Cecilia García, Cristina Bouza e Mónica Gómez. O xurado acordou concederlle un accésit especial de 200 euros ao Club de Vela das Pontes.

No apartado de xanelas, gañou Sandra Permuy Domínguez, seguida de Vanessa García-Valenciano Matogueiras e Juan Antonio Anel Sebastián. Entregáronse accésit de 100 euros a Anabel Alonso, Eva María Meizoso, María Blanco, Sandra Calvo e Leticia Paz. En decoración de portais resultaron premiadas Belén Castro Guzmán, Nory Santalla Castro e Rocío Gago Domínguez.

## Licitan o servizo de dinamización da Aula Cemit

O Concello das Pontes saca a licitación o servizo de dinamización e impartición de cursos da Aula CeMIT co obxectivo de promover a alfabetización dixital da poboación da vila, mellorar as súas competencias dixitais e diminuír a fenda dixital e mellorar a súa empregabilidade.

O contrato, valorado en 28.400 euros, prevé a impartición dun mínimo de 800 horas anuais repartidas entre horas de aula aberta a toda a veciñanza e horas destinadas a accións formativas dirixidas a entidades sen ánimo de lucro, asociacións empresarias, persoas desempregadas e veciñanza en xeral.

As actividades formativas pivotarán en torno a cursos relacionados con habilidades informáticas e outros seminarios máis concretos nos que o uso do ordenador sexa necesario para actuacións cotiás.

## Sexta edición do Reto Lector

A través da Biblioteca Municipal Enrique Rivera Rouco, pon en marcha a sexta edición da iniciativa O Reto Lector destinada a fomentar a lectura entre os usuarios e usuarias de Biblioteca Municipal e entre toda a veciñanza interesada no mundo da literatura

Os que desexen unirse a esta iniciativa, deberán ler, no caso do público infantil, 12 títulos mentres que o público adulto (a partir dos 14 anos) deberán ler 14 libros do catálogo de fondos bibliográficos da Biblioteca Municipal.

Co obxectivo de facilitar a elección dos títulos, establecéronse

varias categorías temáticas que permitirán aos lectores e lectoras organizar as súas lecturas e o seu calendario da forma que lles resulte máis cómoda, sendo recomendable a lectura dun libro ao mes.

Co obxectivo de axudar a elixir un título para cada unha das propostas suxeridas, desde a Biblioteca Municipal realizarase unha selección de títulos que estarán a disposición dos lectores e lectoras nos andeis dedicadas ao reto lector. Os lectores e lectoras que logren completar o reto, ao finalizar o ano, recibirán un recoñecemento ao seu compromiso coa lectura.

**Medinformática**  
SERVICIOS INFORMÁTICOS PROFESIONALES

Empresa líder en el mercado informático en la provincia de Lugo especializada en equipos portátiles y de sobremesa

RÚA SANTIAGO 1, BAJO C (FRENTE AL COLEGIO) - 27002 LUGO  
T.982 254 813 - 982 241 601 / tienda@medinformatica.es

[www.medinformatica.es](http://www.medinformatica.es)

SISTEMAS DE IMPRESIÓN | EQUIPOS INFORMÁTICOS | SERVICIO TÉCNICO

**SOLUCIONES DE IMPRESIÓN A LA MEDIDA DE TUS NECESIDADES**



# O coruñés Ángel Arcay gaña o premio HUME de investigación

O xurado do Premio de Investigación HUME correspondente ao ano 2021 acordou outorgar o primeiro premio ao traballo presentado por Angel Arcay Barral que leva por título *Mujeres espontáneas. Fragilidad humana y cópula carnal en las comarcas del Eume y Ferrol, (XVIII-XIX)*.

No seu traballo realiza un estudo sobre todas aquelas mulleres galegas que se presentaban voluntaria ou obrigadas ante as autoridades para auto inculparse polo feito de ter quedado embarazadas.

Ángel Arcay Barral é graduado en Historia e traballa como arquivista e técnico de turismo.

O segundo premio foi outorgado ao traballo presentado por Javier Barcón Vázquez que leva por título *Intervencionismo y reforestación nos montes das Pontes, Grupos Sindicais*



Ángel Arcay

*de Colonización, conflictos ambientais durante o franquismo.*

Neste traballo analiza a repoboación forestal realizada nos anos 50 e 60 nos montes do Freixo, Deveso e As Pontes polo Patrimonio Forestal do Estado mediante un consorcio co Concello das Pontes e sen o consen-

timento dos propietarios dos terreos afectados. Javier Barcón Vázquez é un delineante pontés e estudoso da historia local.

O xurado acordou outorgar un accésit ao traballo presentado por Alberta Lorenzo Aspres co título *A modernidade de Rodolfo Ucha Donate nas vivendas de renda limitada das Pontes de García Rodríguez.*

Neste traballo realiza unha investigación sobre as vivendas da Cooperativa Virxe da Luz e outras deseñadas polo arquitecto ferrolán, Rodolfo Ucha Donate.

Alberta Lorenzo Aspres é doutora en arquitectura e autora do proxecto Arga (Arquitecturas Rehabilitadas de Galicia).

O primeiro premio ascende a 3.000 euros, o segundo a 1.500 euros e o accésit a 200 euros.

# A Deputación financiará un programa de mellora da abella negra en Goente

O presidente da Deputación da Coruña, Valentín González Formoso, e o presidente da Asociación Apicultores Casa do Mel, Manuel Ferreira, acompañados da concelleira de Turismo do Concello das Pontes, Elena López, asinaron o convenio polo que a institución provincial financia o programa para a selección, reprodución e mellora xenética da abella negra local que está a desenvolver a Casa do Mel situada de Goente.

A achega provincial, que ascende aos 18.499,44 euros, permitirá executar o plan de recuperación e mellora xenética da abella local que se elaborou co asesoramen-

to da Oficina de Transferencia de Investigación da Universidade de Murcia e da doutora experta en materia, Pilar de la Rúa Tarín.

Segundo argumentan desde a Casa do Mel, a recuperación da abella negra local presenta unha dobre vertente positiva xa que non só repercute na biodiversidade da especie, na conservación e protección dos ecosistemas e da paisaxe do territorio nos que se recupera e fixa á poboación, senón que tamén permitirá lograr unha maior produción co consumo de menos recursos, debido á súa mellor adaptación ao medio e resistencia ás enfermidades máis comúns.

Os obxectivos específicos deste proxecto que se propón englobábase en tres puntos principais: a recuperación e conservación da abella local tras anos de introdución de liñas de abella italiana con cruzamentos e hibridación coa autóctona; a mellora xenética da abella local para manter a súa adaptación ao medio e mellorar algunha das características produtivas, sanitarias e de mansedume; e a expansión da abella local entre os apicultores do territorio para obter unha maior produtividade, reducir as perdas, ampliar a supervivencia dos enxames e, en definitiva, ter unha mellora no rendemento das explotacións.

# As Pontes presentou o Almanaque Histórico



Lorena Tenreiro e Ismael Blanco, na presentación do almanaque

Nove meses despois de terse iniciado o proceso de participación veciñal, o Concello das Pontes presentou o Almanaque histórico e comunitario 2022, composto por preto de medio millar de acontecementos locais en temas tan diversos como a cultura, o deporte, a industria, a política, a relixión, o asociacionismo, o medio ambiente, o ensino, a ciencia, a saúde ou curiosidades do universo local.

A presentación celebrada na Casa Dopeso, correu a cargo da promotora e concelleira de medios locais, Lorena Tenreiro, e de Ismael Blanco, sociólogo pontés e redactor dos textos. Ao acto de presentación asistiron numerosas asociacións que achegaron durante o proceso de participación a súas datas de constitución e a maiores algúns eventos como a apertura de locais sociais, principais actividades organizadas, feitos relevantes para as parroquias, acontecementos culturais ou logros deportivos.

No acto, a concelleira resaltou que "para a elaboración do almanaque, foron fundamentais as aportacións veciñais a través de encontros e entrevistas coas asociacións e persoas a título particular, que facilitaron os feitos que consideraron

de maior interese e impacto para as súas vidas. A todas elas queremos agradecer o seu tempo e dedicación, sentindo moito que non todas as súas achegas poidan estar incluídas no almanaque, principalmente por falta de espazo".

Na presentación lembrouse que o almanaque é unha iniciativa que xurde como proxecto cultural pensado para divulgar doutro xeito a historia local e a activa vida social e sociolóxica dos habitantes das Pontes. Recóllense en cada un dos 365 días do ano, un feito acontecido no municipio dende o século XIII ata o ano 2021, producidos o mesmo día pero en anos anteriores.

O calendario está deseñado non só é para ler, se non tamén para desfrutar das fotografías históricas que ilustran cada mensualidade. As trece imaxes, forman parte do álbum municipal Daquela As Pontes, é reflicten escenas dunha sociedade en continua transformación e moi diferente á actual.

Ismael Blanco comentou en que consistiron os traballos de investigación documental, apoiados en hemerotecas, arquivos históricos e revistas locais. O Concello fará entrega dun exemplar do almanaque 2022 a cada familia do municipio.

## MOBILRIAS

### REBAIXAS DO 7 DE XANEIRO AO 7 DE MARZO

EN EXPOSICIÓN, DENDE O 15% DE DESCONTO

PLAmoble Avda. Terra Cha, 35-37 - Vilalba

CARTA MENÚ DO DÍA BANQUETES

CASA MARAGATA

FUNDADA 1894

CASA MARAGATA

PENSIÓN + RESTAURANTE

TORRE - VILALBA Tel.: 982 511 201

## Un convenio coa Deputación permite a urbanización da área recreativa de Vilalvite

O alcalde, José Á. Santos e a deputada do BNG, delegada da Área de Medio Rural da Deputación Provincial, Mónica Freire, veñen de asinar un convenio por un importe de algo mais de 25.000 euros para a urbanización da área recreativa de Vilalvite. O importe total previsto para estes traballos ascende a máis de 27.000 euros, distribuírse no 90% de aportación da área de Medio Rural da administración provincial e o 10% restante trátase dunha aportación municipal, está previsto que comencen as obras no primeiro trimestre do vindeiro ano 2022.

Con este convenio preténdese acondicionar e mellorar o espazo para o desfrute e a comodidade da veciñanza, de forma que teñan un lugar práctico e seguro para participar nas actividades.

Tamén se pretende potenciar o uso social e recreativo da zona de actuación aumentando a integración co entorno, para o cal se mellorará o pavimento, dotarase de mobiliario urbano, como tamén de instalación de ocio, así como a instalación dunha zona de xogos para a práctica da poboación infantil.

Segundo o alcalde, "trátase dunha colaboración histórica, dado que había mais de quince anos que non existía colaboración neste sentido entre ambas administracións. Santos agradece a implicación e a sensibilidade da Deputada provincial responsable da área de medio rural Mónica Freire, dado que desde que se lle propuxo a necesidade de levar a cabo estas obras, mostrou a súa plena dispoñibilidade para colaborar en que dito acondicionamento poida ser unha realidade".

## O Concello tramita a compra duns terreos para un proxecto social



O Concello de Friol ten contemplado nos orzamentos deste ano 2022 unha partida duns 100.000 euros para materializar a compra destes terreos, unha parcela que parte da superficie está contemplada como solo urbano e unha porcentaxe está considerado o uso rústico.

O alcalde José A. Santos xunto co Equipo de Goberno levan un tempo xestionado a compra cos titulares da mesma, neste momento a compra e unha realidade, a espera de tramitar toda a documentación necesaria para transferir a nome do Concello de Friol os ditos terreos.

A vez, tamén se está xestionando coa Consellería de Política Social a implantación nesa mesma parcela dun proxecto de tipo formativo e social, a estas alturas ambas administracións están elaborando conxuntamente un proxecto de execución agardando que en breve este rematado con un importe definitivo de inversión.

Desde ambas administración mótanse esperanzadoras en que sexa unha realidade e comece a súa

execución durante este ano, será un proxecto innovador e funcional para cubrir as necesidades de parte da demanda existente no sentido da formación, e da dependencia, así como tamén se contempla que sexa un proxecto residencial.

Santos móstrase "satisfeito tal e como van as xestións entre ambas administracións, pero tamén cauto, dado que estamos tratando de encaixar o importe ao que ascende a execución deste proxecto e son consciente da dificultade actual para articular unha inversión deste tipo por parte da Xunta".

O alcalde espera que en breve poidan presentar o proxecto final con todas as características e coa inversión definitiva, pero adianta que será un proxecto "necesario para cubrir as necesidades dunha parte da sociedade que ata o de agora non existían nin infraestruturas nin instalacións adaptadas para tal fin", tamén di que "será un proxecto non solo importante para Friol, senón que tamén fundamental para toda a provincia".

## Compra dun novo vehículo



O persoal de mantemento do Concello de Friol fai diversas labores a diario por todo o territorio do municipio, que ten unha extensión de case 300 km<sup>2</sup>. Debido á necesidade que estes traballadores manifestaban, o Concello decidiu realizar os trámites oportunos para poder adquirir un vehículo axeitado, para poder facilitar os desprazamentos que deben facer para realizar tarefas de medio ambiente e de espazos

naturais, e ao mesmo tempo reducir custos de mantemento.

Para poder mercar este vehículo o Concello contou co apoio da Xunta de Galicia, que cooperou na realización da actuación coa sinatura dun convenio, aportando a cantidade de 30.000 €, importe que representa o 96,56 % do orzamento total do proxecto. A actuación ten un orzamento total de 31.069 euros segundo a memoria valorada elaborada.



Firma do convenio entre o Concello de Friol e Afalu

## Afalu seguirá no Concello coa súa unidade preventiva de demencias

Para intentar conseguir unha mellora da calidade de vida dos maiores, e tamén facilitar a súa autonomía e independencia persoal, manter as capacidades e habilidades, fomentar a autoestima, previr a soidade non desexada e previr o deterioro cognitivo, o Concello de Friol asina un convenio con Afalu (Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer e Outras Demencias).

Este convenio ten por obxecto a concesión dunha subvención por parte do Concello de Friol, por un importe de 20.000 euros, para a financiación parcial de distintas actividades.

Realizarase un programa de prevención de demencias neurodegenerativas, envellecemento activo e prevención da soidade non desexada. As capacidades cognitivas que se exercitarán son linguaxe, reminiscencia, cálculo e resolución de

problemas, atención, orientación, praxias, gnosias-esquema corporal-Estímulos sensoriais-funcións executivas, laborterapia, traballos manuais, debuxo e pintura, costura, xardinería, xerontoximnasia e psicomotricidade e socialización.

A duración de este programa será anual, durante todo o presente ano 2022, e levarase a cabo dous días á semana en horario de tarde, con unha duración de unha hora e media cada sesión.

O alcalde José Ángel Santos destacou a importancia de este convenio con AFALU e dixo que "sempre estaremos traballando e loitando por conseguir beneficios para que os veciños e veciñas de maior idade, poidan mellorar a súa calidade de vida e teñan unha "excusa" e un punto de encontro para xuntarse e traballar desfrutando con estas terapias".

**Saneamientos, construcción e ferretería**

**constru fer**

NATURALES DE CONSTRUCCIÓN E MANEIXAMENTO  
PABLO RABADE PAREDES

Avda. Terra Chá 112 - 114 - VILALBA (LUGO) - Telf: 982 511 200

# Friol aproba un orzamento inicial duns 4.000.000 de euros

O Concello vén de aprobar un orzamento inicial para o vindeiro ano duns 4.000.000 de euros. O capítulo dedicado a inversións está dotado dun importe inicial duns 800.000 euros e representa máis do 20,00% da totalidade do orzamento e cun superávit inicial de 14.810,41 euros. A carga fiscal non aumenta en relación coas taxas de abastecemento de auga ou cemiterio municipal, sumidoiros, postos de feira ou uso das piscinas municipais. Tampouco é o prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar e do punto de atención á infancia. Nin se incrementan os tipos impositivos establecidos nas vixentes ordenanzas municipais para a recadación do IBI de urbano, rústico, de bens de características especiais e do imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

En relación co IBI de rústica, mantense a bonificación co máximo que permite a Lei, un 95%, da cota íntegra do imposto, nos casos dos bens co destino a actividade agraria, co fin de favorecer ao sector primario. Esta bonificación xa alcanza a 8.358 parcelas. Supón unha diminución nos ingresos municipais de máis de 48.000,00 euros, que se quedan no fomento do sector primario.

En canto ao gasto de persoal, as cifras son extremadamente baixas, tanto que son unha porcentaxe do 24,80%, posiblemente unha das máis baixas da provincia, na que tamén están contemplados os custes da posta en marcha do GES. Para o funcionamento, está previsto recibir das administracións participantes, máis de 270.000,00 euros.

O capítulo segundo de gastos correntes en bens e servizos, representa o 42,68 % do total 1.658.085,05 euros. Con toda esta partida, "damos cobertura ao mantemento en bo estado das vías públicas municipais, dedicando a política de gasto de infraestruturas unha cantidade inicial duns 400.000 euros. Do mesmo xeito, o mantemento, renovación e consumo dos alumeados públicos, con máis de 3.500 puntos de luz en todo o municipio, traída de augas, maquinaria municipal, edificios públicos, recollida e traslado dos residuos e o seu tratamento; todo o que se corresponde co benestar comunitario, alcanza a cifra de 552.543,90 euros", comentou o rexedor friolés. Segundo comenta o José Á. Santos, "temos moi en conta a promoción e fomento da educación, cultura e deporte, sabemos que, de novo,

iniciamos o ano con limitacións que pero orzamentariamente estamos preparados e témolos en conta para o 2022, sempre na medida en que o covid-19 nolo permita. Ou sexa para as políticas de gasto en sanidade, educación, cultura e deporte, dispoñemos de 382.350,16 euros".

O alcalde continua facendo unha mención especial para o servizo de axuda a domicilio, ou sexa todo o que abarca a política de gasto denominada Servizos sociais e promoción social, dotada cun importe de 755.108,67 euros, case o 20 por cento do Orzamento. "Está previsto o mantemento da unidade de atención temperá, contaremos coa aportación da Xunta de Galicia con máis de 125.000 euros", di Santos. Mantéñense as axudas a natalidade con 1.200 euros por nacemento, o 50% dos custes notariais por permuta de fincas no ano 2022, contarase cun novo servizo, pois Friol pasou a formar parte das escolas municipais de música, que xa están en marcha en algún Concello limítrofe, a través da Asociación Músico Crisanto. Neste capítulo, superábase os 100.000,00 euros, unha cantidade moi xenerosa para un municipio das características de Friol.

**AGASALLO DE NADAL.** As persoas que están asistindo ao Centro de Día que Afalu está xestionando no Concello de Friol, recibiron a visita de parte do equipo de Goberno local e de membros de dirección de Afalu, que lle fixeron entrega duns detalles, cos que o alcalde quere mimar, en estas datas tan sinaladas, a estas persoas maiores que disfrutan de este servizo tan necesario para a comarca.



**PULL&BEAR**  
79€  
lentes incluídas

marca exclusiva  
**OPTICALJA**  
CALLAO

LUGO | FERROL | AS PONTES | NARON | ORTIGUEIRA  
Avda. de Galicia, 49 - As Pontes (A CORUÑA) · Tel. 981 452 270  
www.opticaliacallao.com

Promoción válida del 1 de Enero al 31 de Marzo de 2022. Las gafas promocionadas llevan siempre lentes monofocales-regulars básicas, 1,39 Díoptras, sin ningún tratamiento. Gradaciones comprendidas en los rangos de Stock de los proveedores de la línea Visual de Opticalja. Los rangos son: Lentes: +/- 1,00 dioptras. Cilindro: +/- 2,00 dioptras. La selección de monturas viene de la marca Pull and Bear, monturas seleccionadas para esta promoción. Los productos sanitarios objeto de esta promoción son conformes a las regulaciones legales UE 2017/745 y 89/100/2009

**JRoca**  
INMOBILIARIA

**ROCA & PRADO**  
ABOGADOS

<b>Placido Peña s/n, Vilalba</b> Local   500m <sup>2</sup>	<b>400.000€</b>
En la calle Placido Peña de Vilalba (Lugo), ofrecemos un local de 500 metros, con dieciséis metros de fachada. El local está acondicionado; pero a mayores el solar es edificable, bajo, 5 plantas más ático.	
<b>Villamartin - Rioaveso s/n, Vilalba</b> Casa / Chalet independiente   1 Dorm   1 Baño   102m <sup>2</sup>	<b>100.000€</b>
A tres kilómetros de Vilalba (Lugo), en dirección Meira, ofrecemos una vivienda independiente, a terminar por dentro de unos 100 metros cuadrados. La casa tiene la fachada en piedra y se ubica en una finca de unos 4.000 metros cuadrados, la cual dispone de pozo de agua, fosa séptica y luz.	
<b>Campo de Puente, Vilalba</b> Piso   3 Dorm   2 Baños   115m <sup>2</sup>	<b>70.000€</b>
En Vilalba (Lugo) ofrecemos en venta un piso de tres habitaciones y sala, dos baños y cocina amueblada. La vivienda tiene una terraza amplia, calefacción y ascensor. Tiene muy cerca un supermercado.	
<b>Billetes, Abadín</b> Casa rural   3 Dorm   1 Baño   216m <sup>2</sup>	<b>55.000€</b>
La casa está habitable, tiene calefacción y los propietarios tienen más fincas en la zona si le interesase al comprador.	
<b>Campo de Puente 100, Vilalba</b> Piso   3 Dorm   2 Baños   125m <sup>2</sup>	<b>72.000€</b>
En la localidad de Vilalba (Lugo), a 30 minutos de Lugo, y Ferrol y 45 minutos de A Coruña y de la costa lucense se vende piso de 3 dormitorios y sala, 2 baños, cocina, despensa y terraza. Dispone de ascensor y de trastero.	
<b>Campo de Puente 11, Vilalba</b> Piso   3 Dorm   2 Baños   115m <sup>2</sup>	<b>59.000€</b>
En Vilalba (Lugo), se vende piso céntrico de 3 habitaciones, comedor y sala, 2 baños y cocina. Dispone de trastero, ascensor y calefacción individual de gas ciudad.	
<b>Seivane - Román s/n, Vilalba</b> Casa / Chalet independiente   3 Dorm   1 Baño   115m <sup>2</sup>	<b>87.000€</b>
En la localidad de Seivane - Roman, municipio de Vilalba (Lugo) se ofrece en venta una vivienda unifamiliar independiente, en la que hay 3 habitaciones, sala, cocina y baño. En la planta alta tiene una dependencia de unos 20 metros cuadrados. La casa dispone de calefacción individual y de unos garajes en torno a los 100 metros cuadrados. La vivienda y garajes se sitúan sobre una finca de unos 2500 metros cuadrados, que está ubicada a unos 10 kilómetros del centro de Vilalba (Lugo).	
<b>Portobarroso 35, Vilalba</b> Casa / Chalet independiente   5 Dorm   4 Baños   320m <sup>2</sup>	<b>250.000€</b>
Se vende chalet de 5 dormitorios, dos de ellos en planta baja, sala, 4 baños, cocina, comedor, garaje muy amplio y una finca 3.480 metros cuadrados. Toda ella cerrada. La casa está situada a 1 km del casco urbano de Vilalba (Lugo).	
<b>LU-P-6502, Vilalba</b> Terreno / Urbano (solar)   500m <sup>2</sup>	<b>80.000€</b>
Se vende solar en esquina de la calle Ciudad de Viveiro con calle Castelao. Se venden 500 metros cuadrados con 21 metros de fachada a la calle Ciudad de Viveiro y 27 metros de fachada a la calle Castelao. El precio total son 80.000 euros. También se vende fraccionadamente en un solar de 203 metros y otro de 296 metros. En cuyo caso el precio es 40.000 euros por cada uno.	
<b>Avenida de Galicia 48, Vilalba</b> Piso   4 Dorm   3 Baños   170m <sup>2</sup>	<b>60.000€</b>
En la localidad de Vilalba (Lugo), se vende piso 1 sin ascensor, de 4 habitaciones, 3 baños, sala muy amplia y cocina.	
<b>Avenida de Galicia, Vilalba</b> Piso   4 Dorm   2 Baños   100m <sup>2</sup>	<b>25.000€</b>
En la localidad de Vilalba (Lugo), se vende piso cuarto sin ascensor, de 4 habitaciones y sala, baño y aseo y cocina. La vivienda tiene calefacción individual de gasoil y dispone de un trastero en el bajo cubierta.	
<b>Inmobiliaria JRoca Plaza Suso Gaioso - 27800 Vilalba, Lugo Tel.: 600 828 720</b>	
<b>Francisco Javier Roca Edreira • María Dolores Prado Rouco</b>	
<b>Matrimonial - Herencias - Tráfico - Inmuebles Comunidades - Penal</b>	
<b>Roca Abogados Carril de Catesol, 1 - 1ªA, Lugo Tel.: 982 230 337 - 600 828 720</b>	
<a href="http://www.rocabogados.info">www.rocabogados.info</a>	

## Máis de cen nenos e 40 maiores recibiron agasallos dos Reis



Un total de 115 nenos e nenas do Concello de Abadín e un total de 40 maiores do centro de día recibiron este Nadal os seus agasallos de man dos Reis Magos, que visitaron en primeiro lugar aos máis veteranos e posteriormente desprazáronse á casa consistorial, onde recibiron aos pequenos en diferentes quendas segundo a idade para non ter aglomeracións.

A Cabalta de Reis é un dos actos

centrais de Abadín e este ano non se puido celebrar por cuestións da pandemia pero si que os Magos visitaron o Concello pero cambiando o sistema.

O que se mantivo foi que cada un dos pequenos levou para casa o seu agasallo, que foi diferente en función do grupo de idade, de 0 a 3, de 3 a 6 e de 6 a 12. Así mesmo, houbo un bo recordo para os maiores do centro de día.

## O Concello avanza no deseño da nova edición de Expogrelo

Tralo éxito da pasada edición, o Concello de Abadín traballa para dar saída ao seu produto estrela a través da plataforma de venda on line que se inaugurou a pasada edición debido á suspensión de Expogrelo a causa da situación sanitaria. O Concello no descarta aínda poder celebrar unha nova edición presencial da feira este ano, “no que se seguirá traballando ata o último momento”, di o alcalde, José María López Rancaño. Ademais da feira, manteñen a idea do ano pasado de vender o produto a través de expogrelo.com, onde no 2020 un total de 18 greleiras venderon o seu produto a un prezo único de 2 euros



a mada. Posteriormente esta plataforma ampliouse con máis produtos da zona, agora todos fóra de stock. O alcalde explicou que xa tiveron a primeira reunión para avanzar no deseño da nova campaña, que aínda non se pode abrir porque o grelo non está listo.

A plataforma expogrelo.com permite comprar á greleira que se desexe e os pedidos dos que non teñen

preferencias repartiranse entre todas de forma equilibrada. Ademais, permite un rexistro e pago único á plataforma, mentres que a produtora recibe inmediatamente o cargo na súa conta.

O Concello, que se encargou de sufragar a posta en marcha desta web, tamén correu cos gastos de deseño e produción das caixas e as cintas que se utilizaron para o envío, xa que foi o propio Concello o que xestionou toda a loxística, complicada polo feito de seren un produto fresco e perecedeiro.

O grelo de Abadín leva unha presentación que os distingue como de Abadín, “como un selo de calidade”.

## O punto limpo móbil percorre xa parroquias

Continúa en funcionamento con grande éxito o novo punto limpo móbil de Abadín, que xa fixo as súas primeiras paradas estes quince días nas parroquias de Corvite e Abadín e que agora visita Moncelos e Labrada.

Este novo equipamento, segundo explicou o alcalde, José María López Rancaño, a intención é que se desprace cada quince días a unha nova parroquia ata que remate todo o termo municipal e reiniciar o percorrido.

Este sistema está pensando para aqueles produtos que carecen de sistemas ordinarios de recollida pero que son susceptibles de recuperación ou necesitan recollese separadamente debi-

do ás súas especiais características, como poden ser aceites vexetais usados, téxtiles, voluminosos ou medicamentos.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda concedeu unha achega de 49.000 euros ao Concello para poñer en marcha un punto limpo móbil, co fin de optimizar a recollida dos residuos urbanos. Esta liña de axudas da Xunta busca mellorar e ampliar a xestión de residuos especiais de competencia municipal, co fin de favorecer a súa axeitada recollida, clasificación e preparación para a reutilización. Tamén se contribúe a evitar a proliferación de puntos de vertido incontrolado en espazos naturais.

## Meira contará cun orzamento de algo máis de dous millóns

Meira contará este ano cun orzamento de 2.050.000 euros, o que supón, como informou o Concello, un incremento do 16% con respecto ao ano anterior.

As contas, que foron aprobadas cos votos a favor de PSOE e Galicia Sempre e tiveron a abstención do BNG e do PP, buscan “a recuperación trala pandemia”.

Unha das partidas máis cuantiosas recae nos gastos sociais, que se levan o 21,34% do orzamento, un total de 480.260 euros. Os gastos máis importantes van para a residencia de maiores, que vén de abrir as súas portas, e para o SAF, co obxectivo posto no incremento de prazas.

Outra das grandes partidas é o gasto de persoal, que ascende a



Casa consistorial de Meira

712.616 euros, seguido dos investimentos, que se levan 345.314 euros aos que se suman as aportacións doutras administracións, o que fará subir a contía algo máis dos 850.000 euros.

Dentro do capítulo de investi-

mentos destacan as actuacións na Campa do Plantío, a zona de autocaravanas e o parque Profesor Río Barja, a cuberta da pista de pádel e continuar coas mellores da rede de saneamento e de abastecemento de auga no rural.

**REBAIXAS**  
**TEXAS**  
MODA JOVEN

Avda. de Galicia, 61 - As Pontes T. 981 440 083  
Rúa Galicia, 41 - Vilalba T. 982 511 876

Texas Moda Joven

**MESÓN MARTÍNEZ**

C/ Celso Emilio Ferreiro, 55 Baixo. 15320 As Pontes (A Coruña)  
Tel.: 981 452 363 - Móvil 649 458 522  
mesonmartinez@hotmail.com

## A DEPUTACIÓN REMATA A CONSTRUCCIÓN DO CENTRO DE ATENCIÓN A MAIORES DE BECERREÁ



### A Deputación remata a construción do Centro de Atención a Maiores de Becerreá

A Deputación de Lugo vén de rematar a construción do edificio que albergará o Centro de Atención a Maiores de Becerreá. A institución provincial comezará agora o proceso de contratación dun centro de transformación eléctrica para o inmoible e do equipamento necesario para o seu correcto funcionamento.

As obras consistiron na construción dun Centro de Día e unha residencia de maiores en Becerreá, utilizando un sistema combinado de produción de bomba de calor e caldeira de pellets. A Deputación de Lugo investiu preto de 3,5ME, e levouse a cabo nunha parcela de 1.200 metros cadrados.

O Centro de Día, dunha soa planta, sitúase na fronte oeste conectado de forma inmediata co entorno urbano para facilitar o acceso dos usuarios. Por esta fronte dende a rúa Ancares e na esquina oposta hai tamén un acceso independente ao Centro Residencial. O pequeno volume do Centro de Día contribúe á percepción gradual do conxunto edificado, reducindo a escala das plantas deseñadas no edificio do Centro Residencial ó afastarse, discretamente das vías de acceso do entorno urbano próximo.



Pequenos patios axardinados separan e unen a un tempo ambos centros con conexións puntuais, para compartir os servizos comúns, que esixía o programa. A cociña queda unida a través dos oficios sucios e limpos aos dous comedores. A zona de servizos xerais (salóns, TV, cafetería, etc...) pode tamén compartirse a través doutra pasaxe de cristal. Os patios axardinados son espazos tranquilos que, no caso do patio central serve de terraza exterior da cafetería do Centro residencial e conecta de forma visual os dous centros proxectados. O resto de patios iluminan a zonas de circulación e espazos de traballo.

O Centro Residencial posúe **6 plantas máis baixo cuberta**. A planta baixa acolle os servizos de cociña, comedor, salón, terrazas e zona de enfermaría. Na planta inferior -1, baixo o acceso, sitúase a Área Parasaniaria e de Atención Técnica. Salas de rehabilitación e terapia ocupacional dan a unha ampla terraza exterior. Nesta planta sitúanse tamén os servizos xerais coma vestiarios, lavandería e almacéns xerais.

O soto -2 engloba tódalas salas técnicas de instalacións. As plantas P1, P2 e P3 corresponden á Área Residencial e de Atención Socio-Sanitaria: Nas plantas primeira, segunda e terceira sitúanse só habitacións dobres. Nas tres plantas, fronte ao corredor, proxéctase unha zona de control e descanso de enfermaría con acceso inmediato a zona de habitacións.



#### Características, sistemas construtivos e acabados

En total, este centro contará con 22 habitacións individuais con baño, 28 dobres con baño individual e outras 8 habitacións dobres con baño asistido.

Tanto no Centro de Día como nas fachadas laterais do centro residencial empregáronse cerámicas con acabados pétreo que garante o illamento térmico. Un acabado que xunto coa madeira sintética tratada nas lamas de protección solar evocan a imaxe construída máis habitual da montaña lucense.

As carpinterías exteriores puxéronse ao ras cos pavimentos interior e exterior para evitar obstáculos e garantir a mobilidade, facilitando o tránsito dentro e fóra. O que será Centro de Día conta cunha cuberta con acabado en grava e listóns de diferentes cores, mentres que no edificio destinado a residencia optouse por un panel sándwich apoiado en correas metálicas que garante un bo illamento térmico na planta superior.

**En definitiva, a Deputación de Lugo construíu un edificio compacto e sostible que conta coa certificación de máxima eficiencia enerxética.**

**A DEPUTACIÓN CONTINÚA A TRABALLAR PARA MELLORAR A CALIDADE DE VIDA DOS VECIÑOS E VECIÑAS DA PROVINCIA DE LUGO**

Obra realizada por:

**COPCISA**

# “Este ano imos loitar por un reparto xusto do canon eólico”

Manuel Requeijo atópase á fronte do Goberno local dende o ano 2015

## Pode facernos un balance do ano que termina para o Concello?

Pois tendo en conta que o 2021 foi o ano post-pandemia e que nos atopamos nun contexto máis difícil do esperado, aínda con todo, podemos concluír que o balance é positivo, porque logramos cumprir a maioría dos obxectivos que nos propuxemos no goberno local: os servizos sociais funcionaron a pleno rendemento e executamos toda a obra pública programada. Sempre que a situación sanitaria nolo permitiu, puidemos atender aos veciños e veciñas nas oficinas do concello, tratando de volver á normalidade, para escoitalos e atender as súas demandas. Conseguimos ocupar con actividades a maioría das fins de semanas do ano, con eventos que axudaron a dinamizar a economía local, ademais de seguir poñendo a Muras no mapa de Galicia, como a celebración da terceira etapa da Volta ciclista a Galicia ou o III rallie da Mariña. Puidemos sacar adiante os grandes eventos que celebramos anualmente, con certas limitacións, pero saíron, como a V Romaxe Artesá da Chaira en maio, o IV Trail das Bestas en xullo, a Feira do Poldro e do Gando do Monte en setembro e a VI Feira do Mel de Montaña en novembro. Sabendo que noutros concellos se suspenderon feiras e festas, podemos concluír que coas circunstancias que tivemos, que foi todo un éxito, e sobre todo, tendo en conta que a día de hoxe somos dos concellos con menos contaxios do virus.

## Cales serían as principais actuacións que se levaron a cabo?

En canto á obra pública, executamos as seguintes actuacións: no ámbito do abastecemento de augas e saneamento, fixemos unhas melloras na traída de augas municipal no depósito de Chao de Currás para evitar as perdas de augas sobrantas así coma actuacións para levar a auga da traída ao Piocorto e O Porto na parroquia de Muras e melloras no Cal e no Chao na parroquia do Viveiró. Logo de pequenos atrancos burocráticos, demos construído a depuradora de Augas no lugar de O Viveiró, cumprindo así cos requirimentos de Augas de Galicia en canto a verquidos.

Instalamos unha caldeira de pellets no Colexio Antía Cal para dar servizo ao colechio e ao PAI e cambiamos a cuberta da casa do concello que presentaba deficiencias e filtracións de humidades, e fíxose unha actuación global sobre as zonas verdes do municipio, axardinando novos espazos e conseguir novos coloridos, no mo-

mento en que se consoliden as plantacións realizadas. Instalamos dous puntos de recarga para vehículos eléctricos que converten a Muras nun Concello adiantado na instalación neste tipo de infraestruturas. Por último, fixéronse distintas actuacións na Rede Viaria Municipal con obras que sumaron un total de 650.000 euros, repartidos en trinta vías diferentes, polo que podemos estar satisfeitos, en canto á conservación de estradas, a pesar de que pensamos que hai estradas provinciais que deben mellorarse xa, porque están en moi mal estado, como pode ser a estrada que vai dende a Paleira ao Viveiró.

**“Os servizos sociais funcionan a pleno rendemento e executamos toda a obra pública programada”**

## Que quedaría por facer de cara a este ano?

No 2021 pouco quedou por facer, dado que practicamente esgotamos o orzamento aprobado. Quedan pendentes trámites burocráticos para consolidar algúns expedientes, como a legalización das distintas traídas de augas municipais, que dependen doutras administracións, e nas que xa levamos anos traballando, ou como a creación do parque industrial, pendente de informes e autorizacións da Xunta. Xa se sabe que non é cuestión de ter os terreos, senón de realizar as modificacións da cualificación do solo, e nesas andamos. Non entendo como a Xunta se queixa de que quere xestionar fondos “Next Generation”, cando lle leva tres anos os trámites para que poidamos ter solo industrial. Temos empresas que queren investir en Muras e levan anos esperando a que a Xunta nos deixe vía libre para facer o parque industrial.

## E de cara xa ao futuro?

Nestes seis anos que levamos á fronte do Concello, este equipo de goberno conseguiu cambiar na xente aquela percepción de que vivir no rural era un atraso, pois a base de moito traballo, imos dándolle a volta a esa percepción tan negativa. E de feito logramos cambiar a tendencia do censo municipal no 2019, que ata ese ano descendía en picado. Neste sentido, outro exemplo é que hoxe en día as

oito parroquias do Concello, agás Ambosores, teñen traída municipal de augas, e hai alumeadado público ao pé de todas as casas, tanto no rural coma nos núcleos urbanos, e uns bos accesos. Este feito dende o meu punto de vista fai que este veciños e veciñas teñan unha calidade de vida semellante, xa non direi mellor, a calquera outra persoa que viva nun núcleo urbano da contorna. Nestes anos, melloramos, ampliamos e creamos moitos servizos, onde non existían.

No futuro próximo, imos loitar por un reparto xusto do canon eólico. A Xunta recada no Concello de Muras 2.2 millóns de euros dos cales só nós toca apenas unha cuarta parte. O impacto ambiental, acústico e paisaxístico témoloo aquí, non en San Caetano, e non imos permitir que a Xunta de Galicia nos considere como un parque temático e pretenda contentarnos con migallas. Ademais, é necesario cambiar os criterios tanto para cobrar o canon, como para repartilo a través do fondo de compensación ambiental, e iso canalizáremolo a través dos nosos representantes no parlamento galego.

## Que necesidades ten o Concello a día de hoxe?

Ademais de poñer en marcha o polígono industrial, temos un problema grande en materia de comunicación. O acceso á internet no rural segue sendo moi pobre e a cobertura móbil en moitas zonas do concello son case inexistentes. Precisamos un plan ambicioso en toda Galicia, pero sobre todo no rural, se queremos que siga vivo e que se poida vivir nel. Estamos estudando cales son as mellores opcións e as vías de financiación para aumentar as infraestruturas de comunicación, pero somos conscientes das nosas posibilidades, precisamos a implicación e a axuda doutras administracións. Se non tes internet cunhas mínimas condicións, cada día é mais difícil que sexas competitivo, tanto a nivel laboral como económico.

## Houbo recentemente moitos problemas polo servizo de saúde. Como se soluciona o problema?

Feijóo di que temos o mellor sistema de saúde, pero a realidade é que en Muras, cada dúas por tres, nos deixan sen médico, e fano sen avisar e os doentes teñen que ir a outros concellos. Entón algo falla, a xestión non é boa e aquí non poden tirar balóns fora, a culpa é da Xunta, exclusivamente deles. Si hai poucos médicos, pois terán que ampliar as prazas na facultade de medicina, porque todos coñecemos a moitos rapaces que se quedan sen estudar por décimas...



acaso unha persoa non pode ser médico por unhas décimas na nota media...é surrealista. Teñen que reforzar o servizo de primaria, que o teñen desatendido, non pode ser que un médico teña que atender a 50 persoas no día...hai anos os licenciados tiñan que marchar ao estranxeiro, onde cobraban moito máis que aquí, agora que lles digan que volvan con salarios máis pequenos e máis precariedade laboral. O PP sempre que gobernou apostou pola sanidade privada, e agora acórdanse de santa bárbara, porque trona, e por enriba a culpa é sempre dos demais. Precisamos apostar pola sanidade pública, gratuíta e de calidade.

## Outros dos grandes eixos do ano foi o peche da oficina bancaria. Como se superou esta situación?

Pois aí seguimos esperando que a Xunta faga algo, porque dende o concello non temos competencias e a xente falou e berrou alto e claro, que están acabando co rural. Nos esixen ter unha conta bancaria para todo, pero resulta que non temos unha entidade bancaria en todo o municipio. Rescatamos a Caixa galega con 9.000 millóns de euros e regalárona por pouco máis de 1.000 millóns. E todo isto, co beneplácido do presidente da Xunta, o señor Feijoo. Precisamos unha banca pública galega, que acabe cos abusos da banca, porque cobran ata por respirar o aire da sucursal. A xente con menos recursos, no sentido amplo da palabra, queda á intemperie sen acceso a un dereito tamén básico e nós non podemos consentir isto por unha cuestión de xustiza social e polo feito de que si desaparecen os servizos do rural este mundo tamén esvarece. Volvendo áo inicio esta situación non está superada e levamos as nosas queixas e demandas aos organismos que nós escoitan tratando de voltar á situación anterior.

## O debate pola normativa do lobo segue de actualidade. Como se posiciona o Concello e os veciños?

A posición do concello e da veciñanza é moi clara, que paguen polos danos directos que provocan, pero que os paguen a prezo de mercado, non con indemnizacións miserables, que non chegan nin para pagar seguros. Hai tres anos, fun falar coa conselleira, e díxome que ían facer un censo das manadas de lobos, aínda estamos esperando a ver se aparece.

Eu, como alcalde, teño moi claro en que lado estou no tema dos ataques ao gando, porque este ano matáronnos un becerro na casa, e o ano pasado dous. Os do PP de Lugo falan dende a moqueta, de oídas, e logo veñen dicir mentiras de que incrementan as axudas. A partida económica 08.03.5418.470.1 dos orzamentos da Xunta para o 2022 que financia a convocatoria de axudas para paliar os danos producidos polo lobo segue intacta, a mesma que no 2021: 2.153.524 euros, non se moveu un decimal. Quedou claro que á Xunta non lle interesa incrementalas e o esconden poñendo o foco de atención noutros debates estériles e escorrendo a culpa nos ministerios. Poden enganar unha vez aos gandeiros, pero dúas non. Se hai menos explotacións gandeiras, eu só digo que o PP leva gobernando 30 anos, algo pintarán neste panorama que bota medo.

## Foi este un ano complicado sen dúbida para todos. Como levou Muras a situación da pandemia?, un concello con moi poucos casos.

Somos un concello con poucos habitantes e moi disperso, pero demostramos que tamén posuímos un civismo envexable, porque en porcentaxe estamos nos primeiros postos en canto a menor número de contaxios. A maioría dos veciños e veciñas son xente maior e toman precaucións.

muras

## O Pleno aproba un orzamento social de 1,8 millóns de euros

O Pleno aprobou o orzamento que rexirá durante o próximo exercicio e que ascende a 1.850.205 euros, así como a adxudicación do servizo de limpeza por valor de 58.206,5 euros ao ano durante tres anos, prorrogable a outros dous.

O eixe dos cartos vai dirixido aos gastos sociais mentres que para os gastos de persoal e municipais ocupan o 25% do fondo. Os servizos sociais levan unha partida de 350.000 euros para cubrir o Servizo de Axuda non Fogar, tanto de libre concorrencia como de dependencia, entre outras actuacións. Dentro deste apartado o Concello anunciou a posible compra dun inmoble que poida usarse como vivenda comunitaria, xa que as actuais dependencias, a Casa Rouco, non cumpren as condicións de accesibilidade que se lle esixen a este tipo de instalacións.

Novamente, os orzamentos contan cun apartado destinado a abonar o recibo da luz a través das consabidas axudas, dotadas en 2022 cun total de 85.000 euros. O Concello destinará tamén 11.000 euros a investimentos reais para o mantemento de infraestruturas, aínda que o Concello dispoñerá de achegas como o Plan Único da Deputación ou o Fondo de Compensación Ambiental da Xunta para sacar adiante os proxectos.

Os orzamentos reservan tamén un

espazo para as tres grandes citas do municipio — Romaxe Artesá, Feira do Poldro e do Gando do Monte e Feira do Mel de Montaña— aos que destinan 61.000 euros, ademais de 31.000 máis para as patronais, e 15.000 para actividades culturais. Ademais do funcionamento do servizo de limpeza e o punto limpo, que requiren dun desembolso de 110.000 euros, tamén se reservan 20.000 euros para establecer unha nova liña de axudas de prevención e/ou compensación ante os ataques do lobo.

O alcalde precisou que aínda están a definir como se concederán, pero desde o equipo de goberno venas necesarias ante “a falta de actuacións da Xunta”.

Tamén foi aprobado no Pleno, malia a abstención do PP, a adxudicación do servizo de limpeza dos edificios municipais, que ten un orzamento total de 300.000 euros, 58.206,5 euros por ano ata un total de 3 prorrogables a outros dous.

Esta firma encargárase da limpeza da casa consistorial, o centro de saúde, o local social, a Casa do Médico, a Casa Rouco, os vestuarios da Veiga, o CEIP Antía cale. o PAI, así como a aldea de Carelle as escolas unitarias.

No apartado de mocións tamén se validou a necesidade de manter os servizos bancarios e o centro de saúde en Muras.

pol

## Pol renovará todo o alumeadado cunha subvención do IDAE

O Concello acometerá neste ano que comeza o cambio de todas as luminarias do alumeadado público municipal nunha aposta clara “polo aforro e a eficiencia enerxética”. Segundo anunciou o alcalde, Lino Rodríguez Ónega, o Goberno municipal destinará a esta operación 839.247,77 euros nun extenso proxecto que supón a substitución dun total de 1.701 lámpadas por novas luminarias LED de baixo consumo.

O contrato desta actuación foi adxudicado o pasado mes de outubro á empresa Manuel Novoa Castro SL, de Monterroso, nun concurso público ao que se presentaron un total de cinco firmas.

O orzamento desta actuación será financiado nun 80% polo Instituto para a Diversificación y Ahorro de la Energía (IDAE), que aporta 671.398,21 euros mentres que as arcas municipais achegarán o 20% restante, o que supón 167.849,56 euros.

Os traballos de cambio de lámpadas iniciaránse na capitalidade muni-



pal, Mosteiro, para continuar por todas as parroquias e barrios “ata deixar iluminado o 100% do concello”, indica o alcalde.

O sistema de iluminación pública de Pol atopábase moi antiquado, con máis de 30 anos de uso e daba problemas nalgúns zonas polo que se viron na necesidade de modernizalo. “Agora, en vez de fotocélulas farase a través dun reloxo astronómico”, di, e avanza que todas as luminarias serán da mesma cor e acenderán e apagarán ao mesmo tempo aínda que o horario está por

determinar. Serán de 35 vatios no medio rural e de 60 no centro de Mosteiro, onde hai rúas anchas ou pasos de peóns. O proxecto inclúe renovar todos os centros de mando. Co cambio de luminarias o Concello pretende aforrar o 70% do consumo para poder rebaixar a factura dos 20.000 euros.

Rodríguez Ónega aclarou que non hai luminarias enganchadas nas casas e que só falta iluminación nalgúns ganderías novas, “pero todo o mundo ten luminarias ao pé da casa e das granxas”.

## Novas actividades de Mulleres Rurais

A Asociación Mulleres Rurais de Pol amplía o seu catálogo de cursos anuais dirixidos a toda a poboación do Concello. De feito, tralo parón pola covid retomaron este outono as súas actividades. Así, imparten ioga, bolillos, pilates e restauración de mobles ademais de clases de piscina e aguagym.

Os luns teñen lugar as clases de ioga de luns a venres de 16.00 a 17.00

horas, dirixidas por Donvina e o martes é a vez das de bolillos, a cargo de Milagros, de 16.30 a 18.30 horas. A primeira celébrase na caseta da Carballeira e a segunda na biblioteca.

Ademais, o mércores contan con piscina e agyagym, de 21.30 a 22.15 horas, a cargo de Miguel na piscina da Pastoriza e os xoves e venres toca restauración de mobles, con José Luis. tamén en horario de tarde no

local de Mosteiro.

Tiveron grande éxito as de pilates, que se imparten os xoves de 21.30 a 22.30 horas no local da Carballeira e que agora dobran horario para celebrarse os martes de 22.30 a 23.30 horas.

Para inscribirse hai que poñerse en contacto coa asociación a través dos teléfonos 633 378 590, 666 230 570 e 616 129 825

**charanga**  
Desde 0 a 12 años

**REBAJAS SALES**

[www.charanga.es](http://www.charanga.es)  
Avda. de A Coruña, 39 - Lugo. Tel.: 648 739 473

**GEOCLIMA ST**  
CLIMATIZACION - FRIJO INDUSTRIAL  
ENERGIAS RENOVABLES - CALEFACCION

**SOLUCIONES PARA:**

- Comunidades
- Garajes
- Hipermercados
- Hospitales y clínicas
- Hostelería
- Instalaciones Agropecuarias
- Locales comerciales
- Naves Industriales
- Oficinas
- Salas informáticas
- Turismo Rural
- Vivienda residencial

**REALIZAMOS:**

- Climatización
- Ventilación
- Instalaciones térmicas
- Protección contra incendios
- Maquinaria de Hostelería
- Calefacción
- Suelo Radiante
- Refrigeración
- Pailas para chimeneas
- Recuperadores de calor
- Calderas

**INSTALACIONES Y MANTENIMIENTO**

REFRIGERACIÓN

CALEFACCION

SOLAR TÉRMICA

BIOMASA

Rúa das Mercadorias, 121 - Pol. Industrial O Ceao. 27003 - Lugo  
982 814 147 / 636 462 063 [www.geoclimast.com](http://www.geoclimast.com)

## cospeito

## O Pleno aproba 3,5 millóns de euros de orzamento para o 2022



O Pleno do Concello de Cospeito aprobou para 2022 un orzamento de preto de 3.438.032 euros, dos que 1.891.050 destinaranse para os gastos correntes e prestación de servizos como os da escola infantil municipal, o SAF, a limpeza de edificios municipais, o subministro de combustibles, tratamento de residuos, alumeados, saneamento e abastecemento de auga.

Este capítulo subiu a súa contía polo aumento dos gastos en contratos licitados no 2021 como o SAF e o de limpeza de

instalacións municipais e escolas deportivas.

Neste capítulo tamén existe unha previsión municipal pola próxima posta en marcha das dúas áreas industriais, a ampliación do polígono de Muimenta e o novo de Feira do Monte, ademais do incremento doutros prezos públicos.

O orzamento de Cospeito destina 158.835 euros a investimentos, unha cantidade similar e inicial á que se irán sumando as aportacións doutras administracións.

## Repartidos os premios do Mercado de Nadal de Muimenta

A xunta directiva da Asociación de Empresarios de Muimenta, a cal engloba a gandeiros, profesionais e autónomos da Vila, informou de que durante a XIII Mercado de Nadal repartíronse 18.000 rifas entre todos os clientes que tiveron os 29 negocios que participaron nesta edición.

O premio gordo da lotería de Reis recaeu no número 41.665. Polo tanto, as 18 papeletas que se repartiron, rematadas en 665, son agraciadas, cun vale de 100 euros a cada unha delas.

As gañadoras repartíronse en Deseos, Perriquería Velica, Docería Anllo, Super Setti (2), Óptica Filo, Estación

de Servicio Lagas, Supermercado A Tenda, Asesoría Sulifia, Perruquería Oferial, Bar Alvarifio, Panadería Hermo (2), Farmacia Castaño, Frutería Novo, Librería Díaz, Perruquería Raquel e Discoteca Hermo.

Os agraciados teñen de prazo ata o 15 de xaneiro para poñerse en contacto cos negocios que repartiron as papeletas gañadoras ou cos membros da xunta directiva para facer efectivo os correspondentes vales.

Os 18 premios teñen que gastarse antes do mes (dende a súa entrega) nos negocios pertencentes ao colectivo empresarial de Muimenta. É en total, suman 1.800 euros.

## “Que cada neno poda soñar co futuro sen condicións polo xénero”

Ainara Pérez, concelleira de Igualdade no Concello de Guitiriz

Ainara Pérez é a concelleira de Igualdade en Guitiriz, un concello que desenvolve nestes últimos anos un intenso traballo a todos os niveis contra a violencia de xénero e a igualdade.

**Pode facernos un balance do ano que termina con respecto a súa concellería? En que situación se partiu?**

En Guitiriz temos Concellería de Igualdade dende principios deste ano. Aínda que sempre traballamos pola igualdade, foi este ano cando dende o equipo de goberno consideramos visibilizar a súa importancia nomeando unha consellería. E decidimos facelo vinculándoa á Concellería de Cultura pola transversalidade que existe entre as dúas e tamén para dar unha perspectiva de xénero a tódalas actividades culturais do noso concello.

**Cales serían as principais actuacións que se levaron a cabo?**

Fixemos obradoiros en defensa da igualdade. Tamén contamos cunha importante programación cultural con perspectiva de xénero, conmemoramos o 8M e 25N, continuamos co servizo de atención psicolóxica a mulleres en situación de vulnerabilidade... E creamos unha conta de Instagram de Igualdade do Concello coa idea de que funcione como unha canle de comunicación coa nosa veciñanza.

**Que quedaría por facer de cara a este ano?**

Este ano temos activa a campaña de Nadal “Merca en Igualdade”, coa que intentamos fomentar que desaparezan os roles e os estereotipos vinculados ó xénero. Por iso, anima-



mos ós nosos veciños a regalar en igualdade.

**E de cara xa a o futuro?**

Acadar unha maior comunicación cos/as nosos/as adolescentes. Na nosa opinión, os/as nosos/as nenos/as e adolescentes serán fundamentais para acadar nun futuro “a igualdade real”. Neste sentido somos afortunados/as, xa que a comunidade educativa presente no noso concello está tamén moi involucrada.

**Que necesidades ten o Concello a día de hoxe en materia de igualdade?**

Mellorar a participación da poboación nas diferentes actividades programadas. Ser accesibles e ter acceso ás mulleres que se atopen unha situación de vulnerabilidade, especialmente no rural.

**Que aspectos necesitan máis traballo?**

Quizáis conseguir atraer ós nosos veciños/as, ás diferentes actividades e obradoiros que se organizan dende o concello, especialmente ós noso adolescentes. Debemos traballar para atopar o xeito de ter unha co-

municación máis fluida cunha parte da nosa veciñanza que vai ser fundamental no futuro do noso concello.

**Que apoio ten o concello doutras institucións?**

Do Ministerio de Igualdade mediante o Pacto de Estado, da Deputación Provincial de Lugo con material e colaboración en actividades culturais con perspectiva de xénero, da Secretaría Xeral de Igualdade, da Unión Europea...

**Foi este un ano complicado sen dúbida para todos. Como levou a Concellería o traballo na situación da pandemia?**

Resultou complicado, como en case tódolos ámbitos. Ó final non queda máis que adaptarnos a esta nova realidade. Nalgún caso tivemos que renunciar a programar determinadas actividades e obradoiros, e aprender a adaptar as nosas ideas ás circunstancias nas que se poden desenvolver.

**Un desexo para este ano que comeza.**

Que cada neno e nena sexa libre de soñar co seu futuro sen sentirse condicionados/as polo xénero.

**PÁDEL.** Xa está aberto o proceso de reservas para facer uso da nova pista de pádel localizada na antiga nave do Senpa. Para iso, os interesados ou interesadas deben chamar o teléfono 982 370 109 en horario de mañá. A pista está delimitada por un peche acristalado e habilitouse unha zona de vestiarios e aseo.



**O gato con botas**  
zapatería  
C/ Plácida Peña, 8 - Baixo  
27800 Vilalba (Lugo)  
Tel. 982516150

**GABINETE TÉCNICO AGROPECUARIO TERRA CHA**  
ENXEÑERÍA TÉCNICA AGRÍCOLA – SERVIZOS VETERINARIOS  
ENTIDADE DE ACONSELLAMENTO E XESTIÓN DO MEDIO RURAL  
CENTRO AUTORIZADO PARA A FORMACIÓN EN BENESTAR ANIMAL  
Novas oficinas:  
Rúa Lois Peña Novo, Baixo nº3 - Vilalba  
Tlf 982 523 649 – 982 523 601  
619 41 53 56 – 650 61 12 60  
ALÉN



## Catro millóns de euros para o orzamento de 2022 de Guitiriz

O goberno local de Guitiriz aprobou en pleno (votos a favor do PSOE, abstención do BNG e en contra do PP) os orzamentos do Concello para o ano 2022. Un documento equilibrado en gastos e ingresos que ascende a 4.020.444,42 euros e no que a prioridade son as necesidades sociais.

Ao igual que no documento de 2021 optouse polo criterio de prudencia e na súa elaboración non se inclúen as subvencións que recibe o Concello por parte doutras administracións.

A alcaldesa de Guitiriz, Marisol Morandeira, reiterou no pleno que "a aposta deste goberno polos servizos sociais é innegociable, tentando tamén manter e mellorar na medida do posible as infraestruturas, os servizos e todo aquilo que viña percibindo a veciñanza" e destacou que "o Concello atópase nunha situación saneada, cun remanente de tesourería de máis de dous millóns de euros que, ao igual que neste ano, nos permitirá executar novos investimentos non contemplados no orzamento".

**ORZAMENTO SOCIAL.** O apartado de gastos correntes ascende a 3.947.944,42 euros nos que destacan os destinados ao persoal municipal e que se xustifican en que a maior parte dos servizos ofrécenos o Concello sen recorrer á externalización.

O Concello de Guitiriz conta cun servizo de Axuda no Fogar que se mantén con medios propios e que neste momento conta con 28 prazas, das cales 24 xa están cubertas en propiedade grazas aos procesos selectivos realizados e as 4 restantes volverán a convocarse no 2022. Ademais, creouse unha nova praza como é a da traballadora social para poder mellorar o servizo ofertado. Tamén se inclúen neste apartado 77.700 euros para a concesión de subvencións a asociacións e enti-



dades sen ánimo de lucro, e axudas de emerxencia social a familias e particulares para as que continúa crecendo ano tras ano a cantidade consignada, sendo 4.500 euros superior á de 2021. Ademais, mantense a partida de 20.000 euros para financiar as bolsas de formación, material escolar, axudas ao transporte e outras de ámbito educativo.

**INVESTIMENTOS.** O anexo de investimentos ascende este ano a unicamente 60.000 euros, superando aínda así os 20.000 euros consignados en 2021, xa que, como se explicou anteriormente, optouse por non incluír as cantidades a percibir a través doutras administracións como pode ser o Plan Único da Deputación de Lugo, o Fondo de Compensación Ambiental e outras.

Por outra banda, está previsto que se executen no 2021 o proxecto de modernización da planta potabilizadora co obxectivo de continuar mellorando a calidade da auga en Guitiriz e para o que xa se conta cunha subvención do IDAE por importe de 261.290,68 euros.

**GASTOS.** Marisol Morandeira quixo facer fincapé en que é necesario "facen un esforzo, entre todos, cada un aportando o seu gran de area" para reducir o noso gasto corrente" e puxo como exemplos "a selección do lixo".

No apartado de dinamización social, turística, económica e de promoción continúa a aposta firme de promocionar os produtos locais e o potencial ambiental dos diferentes espazos do municipio.

## Axudas a colectivos

O Concello destinou durante o ano 2021 un total de 17.900 euros a través de convenios para subvencionar as actividades e investimentos de diferentes asociacións e clubs con sede no municipio.

Así, asináronse convenios con 11 asociacións e clubs: Asociación Educando en Familia, Asociación Cultural de Xermolos, anpa Lagostelle, anpa San Estevo de Par-

ga, Sociedade Deportiva Guitiriz, Asociación Amas de Casa, Asociación Feira dos Callos de Parga, Clube Tiro con Arco, Asociación Txoko de Parga, Cáritas e Clube BTTeiros Cova da Serpe.

Para o ano 2022 o goberno local aumentou a partida para este mesmo fin, sumando 25.000 euros de orzamento a liña de axudas a asociacións e clubs municipais, que beneficiará a 18 entidades.

## Luz verde ao novo proxecto da residencia



A Deputación de Lugo vén de recibir da Comisión de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia o informe favorable ao novo proxecto de construción que elaborou a institución provincial para o Centro de Atención a Maiores de Guitiriz tras o colapso do edificio da Casa da Botica. A entidade reformulou a proposta dentro da firme vontade do presidente, José Tomé Roca, de cumprir co compromiso de dotar á veciñanza do concello chairego desta dotación social pública tan necesaria e demandada.

Logo de diversas consultas entre os servizos técnicos da Deputación e da Xunta de Galicia, a Comisión de Patrimonio da Administración autonómica vén de darlle luz verde ao proxecto, que mantén os elementos singulares da antiga Casa da Botica, como son o reloxo de sol, as xambas e a lareira, que quedarán integrados no novo edificio para conservar estes elementos patrimoniais catalogados e de interese.

A nova proposta para o Centro

de Atención a Maiores de Guitiriz é unha adaptación do proxecto anterior e os cambios máis significativos teñen que ver coa distribución do edificio. No soto, que ocupará a metade da planta do inmovible histórico, situaríanse os servizos de lavandaría e acumuladores de auga; a planta baixa contará cun espazo común coa lareira de protagonista, unha zona de actividades, uns aseos, vestiarios, a cocíña e o comedor, mentres os dormitorios dos residentes, as dependencias de enfermería e o despacho médico estarán situados na primeira e na segunda planta.

O seguinte paso será solicitar todos os permisos e autorizacións necesarias, entre os que se atopa o Permiso de Inicio de Actividade (PIA) á Xunta ou a modificación da licenza municipal ó Concello para, unha vez concedidos, poder licitar de novo as obras e que veciñanza se beneficie dunha dotación social pública tan importante e necesaria como esta residencia.



RESTAURANTE PARRILLADA

**O'Adro**

COMIDA PARA LEVAR  
COMIDAS DE EMPRESA, GRUPOS...

Ven a probar os nosos cocidos

O Adro, Lanzós 27816  
VILALBA - LUGO  
982 52 58 65 - 626 23 71 56

**ATABERNA**

T: 982 510 061  
facebook/ataberna.vilalba  
info@atabernavilalba.com  
www.atabernavilalba.com

DISFRUTA CON TUS AMIGOS  
OLVIDATE DE TODO Y SABOREA  
NUESTRA CARTA

HAMBURGUESAS FRESCAS DE VERDAD  
PASTAS CON SALSAS VARIADAS  
ALGO PARA COMPARTIR TAPAS

REVUELTOS FRESCITA CERVEZA DE BARRIL  
RAXO PATATAS  
SABOREAR TORTILLAS

ALGO PARA COMPARTIR TAPAS

## O Aeroclub de Rozas mellora a piscina cunha achega da Deputación

O presidente da Deputación, José Tomé Roca, e o presidente do Real Aeroclub de Lugo, Luis Abelleira Mayor, asinaron un convenio de colaboración para renovar as instalacións da depuración das piscinas que a entidade ten nas súas instalacións de Castro de Rei. A institución provincial achega 30.000€ para estes traballos, que ascenden a 94.495,29€, asumindo a cantidade restante o propio colectivo.

O Club conta con dúas piscinas, unha grande e unha pequena, nas súas instalacións de Mondriz, ao carón do aeródromo de Rozas. Os traballos de mellora consisten na renovación dos equipos de filtración, desinfección, circuíto hidráulico, instalación eléctrica, electrólisis e regulador de PH das piscinas para que cumpran coa



normativa vixente. Actualmente este sistema é antigo e non funciona axeitadamente.

A Deputación colabora con estas obras co obxectivo de manter viva a afección aeronáutica que desfruta destas instalacións, ás que non só teñen acceso os socios e socias, senón que tamén acude a veciñanza.

## A asociación Amigos da Feira renova a súa directiva

A asociación veciñal Amigos da Feira de Castro de Rei vén de celebrar a súa asemblea xeral, no teleclub de Castro de Rei, na que se produciu a renovación da directiva da asociación, quedando presidida agora por Héctor Anllo Yebra. Xunto a el estará como vicepresidente José Antonio Freire Castro; como secretario, Adrián Naval Novo; como vicesecretaria, Ana Freire Gallego e como tesoureira estará María del Carmen Uz Pérez. Tamén actuarán como vogais Gemma María Freire Rielo, Vera Rivas López e María Luísa Tejeda Veiga. O novo equipo directivo quere agradecerlle “o seu traballo ás compañeiras e compañeiros que estiveron á fronte de Amigos da Feira desde o 2014 e tamén a confianza depositada polas socias e socios presentes na última asemblea xeral”.

A nova directiva comunicou a súa intención de comezar con novas



actuacións “moi pendentes da situación sanitaria actual”.

A asociación ten unha gran actividade durante todo o ano pero a Festa da Malla é a celebración máis esperada do ano, e ten lugar no mes de agosto. Leva dous anos sen celebrarse debido á pandemia deixando a convocatoria parada na edición XIX.

## Comezan as obras das beirarrúas de Castro e continúan as da EDAR

Comezou a execución da última fase das obras de remodelación das beirarrúas de Castro de Rei, que foron adjudicadas no mes de outubro e se espera que estén rematadas no prazo de dous meses.

A empresa concesionaria está a traballar no tramo que comprende a rúa Emilio Sinde Nieto, entre o intersección da CP-1611 coa rúa Manuel Becerra ata o campo da feira, un tramo curto pero que estaba en moi mal estado.

Segundo explica o alcalde, Francisco Baamonde, quedaría agora por rematar un tramo de beirarrúas de subida ao casco histórico da vila, “pero é unha obra algo menor porque non están tan deterioradas”. Estas obras teñen un orzamento de 45.756 euros e serán realizadas con cargo ao Plan Único do ano pasado.

**LUDRIO.** Por outra banda, finalizaron as obras de mellora dos accesos á parroquia de Ludrio, concretamente no tramo entre a N-640 ata o límite co Concello de Pol. Esta obra contou cunha subvención da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e un orzamento de 46.954 euros.

Os traballos consisten na limpeza e apertura de cunetas, regularización da superficie da vía con asfaltado



en quente e sinalización. Esta obra permite mellorar o acceso á igrexa parroquial e ao centro do núcleo.

**DEPURADORA.** O Concello de Castro de Rei tamén está levando a cabo as obras de ampliación e mellora da eficiencia enerxética da Edar de Castro Ribeiras de Lea, adjudicadas á empresa Demain SL por preto dun millón de euros (989.930 euros).

Esta obra conta tamén con outros orzamentos engadidos, como os 20.000 euros de gastos de redacción do proxecto e 31.000 de dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde, o que supón un total de 1.040.000 euros que destina o Concello a esta actuación.

As obras están financiadas cunha

subvención do IDAE de axudas a proxectos singulares das entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono. Esa axuda significará o 80% do custe total do proxecto, que supón para o Concello uns 240.000 euros.

A finalidade consiste en reducir os verquidos, mellorando a calidade da depuración das augas residuais, duplicar a capacidade da depuradora, pasando de 350 metros cúbicos ao día a 700, e mellorar a eficiencia enerxética, transformando o reactor biolóxico existente nunha canle de decantación primaria e instalar dúas novas liñas de tratamento biolóxico, unha por cada 1.500 habitantes, así como un decantador troncocónico, o que permitirá duplicar a capacidade da planta.

## O colexio promociona nos seus xantares os produtos locais

A Consellería do Medio Rural achegou produtos agroalimentarios galegos aos colexios de Riotorto e O Páramo para elaborar os seus menús de Nadal, unha iniciativa que se enmarca na rede Mercaproximidade. Participou nesta iniciativa o Colexio de Educación Infantil e Primaria (CEIP) Plurilingüe de Riotorto, onde os 34 alumnos e alumnas que utilizan o servizo do comedor puideron degustar un menú a base de fabas, tenreira, patacas, queixos, iogures e mel.

## O BOP recolle a baixada aprobada do IBI Urbana

O BOP recolleu finalmente e para que sea efectiva, os cambios no imposto de bens inmoventes urbanos quedando así recoñecido o acordo acadado no último Pleno, que implica unha redución do tipo impositivo do 0,65 % ao 0,50 %. Así, aprobouse en Pleno co voto favorable dos 6 concelleiros do PP e a abstención do BNG e PSOE.

Esta medida suporá un aforro medio para cada propietario dunha parcela urbana ou vivenda duns 50 euros no vindeiro ano 2022.

Esta medida foi aprobada de forma provisional xa que agora está en exposición pública para presentar alegacións por un prazo de 30 días antes que o Pleno eleve esta aprobación inicial a

definitiva no caso de ter que resolver as reclamacións que se presentaran.

A referida modificación da ordenanza fiscal entrará en vigor no mesmo día da súa publicación no BOP e no Taboleiro de anuncios, e sendo de aplicación dende o 1 de xaneiro de 2022.

En xaneiro deste ano o Grupo Socialista rexistrou unha moción coa que reclamaba esta redución dende o 0,65% daquel momento a un 0,45%, “permitindo así aliviar a carga financeira dos nosos veciños no complicado contexto socioeconómico actual no que nos atopamos”.

Pola súa banda, o BNG riotortense no ano 2017 pedía tamén unha rebaixa que lle permitira ao Concello manter a recadación.



## O orzamento municipal centrarase no investimento

O goberno de Begonte foi un dos concellos da comarca que tamén aprobou o orzamento do ano 2022 antes do comezo do exercizo en curso. Este presuposto aprobado ascende a un total de 2.979.930,8 euros, dos que 605.000 están dirixidos a investimento real. As contas existiran un incremento con respecto a 2021, no que non chegaban a 2,8 millóns.

Este documento non inclúe varios dos orzamentos previstos como o convenio dun millón de euros subscrito con tres consellerías da Xunta para converter en conservatorio con auditorio o colexio de Baamonde. Si foi recollida nas contas a ache-

ga que debe realizar o Concello en materia de honorarios e proxectos, con partidas de 45.000 e 76.000 euros para o conservatorio e o auditorio, dentro do capítulo de investimentos reais.

En investimentos tamén destacan os 245.000 euros para a reparación da rede viaria municipal, así como 40.000 euros para facer fronte á anualidade correspondente á compra dunha nave no polígono de Begonte para gardar a maquinaria municipal.

O orzamento recolle tamén unha partida de 25.000 euros para os vestiarios da pista de pádel, situada no recinto do centro de saúde e o cen-

tro sociocultural e de recente apertura. Tamén se recolle un apartado para outra obra anunciada neste espazo, converter un dos tres edificios en desuso nunha Aula da Natureza, para o que contan cunha subvención de 35.000 euros. Os outros dous edificios prevense rehabilitar co taller de emprego que está agora mesmo en marcha.

Seguirán cos proxectos de crear inmobles para aluguer social como a escola de Donalbai e a dotación de mobiliario do de Saavedra, xa restaurada áo que se destinan 25.000 euros.

A partida de gastos de persoal é similar á de investimentos, de preto do 20% do orzamento.

## A Deputación colabora na mellora da área recreativa de Baamonde

A Deputación de Lugo colabora coa Asociación Cultural, Deportiva e Recreativa de Baamonde para a mellora da área recreativa. O presidente da institución provincial, José Tomé Roca, asinou con Ramón Parapar Corral, representante da asociación, un acordo a través do que a Deputación achega 2.838,33€.

José Tomé destacou que esta colaboración permitirá recuperar e potenciar o uso desta zona de lecer, mellorando o seu estado, o que dinamizará a actividade social na zona, algo importante para axudar a fixar poboación no territorio. O Presidente enmarcou esta axuda no compromiso da Deputación por colaborar co tecido asociativo da provincia para



desenvolver a súa actividade.

Grazas ao apoio económico da Deputación, a Asociación Cultural, Deportiva e Recreativa de Baamonde procederá a reparar o mal estado

deste espazo co reforzado das mesas e bancos, a través da instalación de chantos, e a colocación de pasamáns no valado perimetral para xerar un acceso ao recinto a través de portas.

## Comeza a funcionar un punto limpo móbil

O Concello fixo unha solicitude en agosto do pasado ano para as axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder.

Recibida a notificación de concesión en setembro de 2021, adquiriu varios equipamentos (remolque con gancho multilift, módulo punto limpo móbil e caixa porta depósito de limpeza a presión) para a Implantación dunha infraestrutura móbil que se desprazará polas diferentes parroquias, permanecendo estacionado un tempo determinado en cada unha delas.

As datas e localizacións do punto limpo móbil publicaranse previa-



mente para dar a coñecer con anterioridade a información necesaria e facilitar así o uso veciñal.

Os tipos de residuos que se poderán depositar serán lámpadas e fluorescentes, teléfonos móbiles, xoguete, roupa, calzado, pilas e baterías, pequenos aparellos eléctricos, envases de pintura, disolventes e vernices, así como tóner e cartuchos de impresora.

## Óscar Cabana gaña o premio de Arte do Belén de Begonte

O xurado da XXXII edición do Certame Galego de Arte José Domínguez Guizán acordou conceder o Premio do mesmo nome, dotado con 1.500 euros e estatuíña de Sargadelos, á obra *Avenida da Muralla (Lugo)*, da que é autor Óscar Cabana Picado, da Coruña.

O premio será entregado no decurso do acto de clausura de O Nadal de Begonte, a celebrar o 29 de xaneiro no Centro Cultural de Begonte.

Este certame foi convocado polo Centro cultural José Domínguez Guizán, de Begonte, e o xurado estivo

formado por María José Gómez Rodríguez, xefa territorial de Cultura de Lugo; Aurelia Balseiro García, directora do Museo Provincial de Lugo; Gonzalo Sánchez Folgueira (Zalo), pintor; Mamuel Gulín Rodríguez (pintor), e Xulio Xiz Ramil, en representación do Centro convocante.

As obras participantes nesta edición do Certame seguirán expostas na sala da Delegación territorial da Xunta de Galicia en Lugo ata o próximo 15 de xaneiro. Do 17 ao 28 deste mes poderán ser visitadas na Casa da Cultura de Begonte.

SERVICIOS JURÍDICOS INTEGRALES EN LUGO Y RIBADEO DESDE HACE MÁS DE 30 AÑOS



# VA

## VEIGUELA ABOGADOS

**ESPECIALISTAS EN DERECHO CIVIL, HERENCIAS, SUCESIONES, DONACIONES, PACTOS DE MEJORA**

**PLANIFICA TU HERENCIA EN VIDA**

**AHORRA BENEFICIÁNDOTE DE IMPORTANTES VENTAJAS FISCALES**

**1ª CONSULTA GRATUITA**  
Llámanos: **982 228 606**

📍 Plaza Mártires de Carral, nº 7, Entlo. Dcha., Lugo. ☎️ 982 228 606

🌐 veiguelabogados 📱 veiguela abogados

## Crean un Aula Mentor nunha sala da Biblioteca

O Concello anunciou a apertura dunha Aula Mentor que está instalada nas dependencias da Biblioteca Municipal de Xermade, nunha das salas de lectura.

As Aulas Mentor son un programa de formación on line, flexible e con titorización personalizada, dirixido a persoas adultas maiores de 18 anos cun extenso catálogo de cursos cos que ampliar as súas competencias persoais e profesionais que lles permitan reforzar as posibilidades de empregabilidade.

O Concello anunciou que a Aula Mentor tamén poderá utilizar outra sala para que o alumnado teña máis privacidade á hora de realizar as titorías. En ambos os casos contan cun espazo de traballo amplo e cómodo para desenvolver as súas tarefas.

O equipamento do que dispoñan os usuarios está compo-

to por 3 ordenadores portátiles, altosfalantes e micrófonos, impresora e escáner conectados a internet mediante fibra óptica.

Todos os cursos poden ser realizados dende o domicilio. Necesitaríase un ordenador e conexión a internet. Soamente terían que ir a Aula Mentor a realizar as probas de avaliación.

Os cursos teñen un custo de 24 euros ao mes. A matrícula inicial é, en xeral, dous meses.

A aula mentor terá un horario amplo, de luns a venres de 9:00 a 14:00 e de 15:00 a 20:00 horas. O sábados será de 10:00 a 14:00 horas.

As persoas interesadas en matricularse nalgún dos cursos que se ofrecen pode chamar ao Concello de Xermade e preguntar polo administrador da aula, Ernesto Ares, que lles informará dos pasos a seguir.

## O Concello faise coa reitoral de Santa María e cun novo camiión

O Concello de Xermade chegou a un acordo a mediados do ano 2021 co Bispo de Mondoñedo-Ferrol para a adquisición das casas reitorais de Santa María de Xermade e San Pedro Fiz de Roupar, no prezo de 100.000 euros.

A superficie da casa reitoral é de 307 m<sup>2</sup>, segundo a información catastral. Está ubicada nunha parcela que ten 7.575 m<sup>2</sup> en solo de núcleo rural e 2.686 m<sup>2</sup> en solo rústico. O inmueble foi rehabilitado exteriormente grazas a un obradoiro de emprego.

A adquisición formalizouse en escritura pública o pasado 29 de novembro. Aínda que a previsión era que fose financiada con fondos propios, a través do remanente líquido de tesouraría, finalmente financiou con cargo a un convenio interadministrativo que xa fora suscrito o 30/12/2020 coa Deputación de Lugo para a



adquisición dun camiión contra incendios, que se modificou a petición do Concello para ampliar o seu obxecto, aproveitando así os fondos provinciais, que ascendían a 60.000 euros. O camiión contra incendios usado adquiriuse directamente ao Concello de San Tirso de Abres, no prezo de 11.000 euros, dos cales

a Deputación achegou 10.000 euros e o resto o Concello de Xermade.

A adquisición da reitoral de San Pedro Fiz de Roupar precisa segregarse parte da parcela, na que se ubica a igrexa, e o Concello de Xermade agarda poder formalizalo antes do remate deste ano 2021.

## Enfado en Xermade pola falta de médicos no centro de saúde

O alcalde de Xermade, Roberto García, sumouse ás queixas veciñais pola falta de médicos no centro de saúde. Segundo indica o rexedor, “os veciños atópanse con que non hai médico no Concello algúns días”.

Roberto García explicou que anteriormente había tres facultativos pero agora mantense un que se vai cambiando segundo as necesidades e que moitas veces deixa o centro de saúde para asistir a unha urxencia ou a atender a alguén na casa. É algo “moi preocupante” porque se hai calquera urxencia “queda sen atender ou se desvía a Vilalba, pero ás veces o centro de Vilalba tampouco queren atender porque din que dependen do PAC de Xermade”. A situación agrávase porque en varias ocasións os médicos teñen que marchar á unha do mediodía para facer algunha guardia.

Roberto García asegurou que os veciños están “moi enfadados”, en especial a xente maior, que “é a que máis necesita estes servizos”.

## A Deputación fai unha achega para a estrada de Rebuxentos

O presidente da Deputación, José Tomé Roca, e o alcalde de Xermade, Roberto García Pernas, asinaron un convenio de colaboración polo cal a institución achegará 90.000 euros para a reparación dunha estrada na parroquia de Rebuxentos. Trátase duns traballos importantes para mellorar as comunicacións no municipio e que contarán cun investimento total que supera 115.200€.

As obras previstas consistirán na mellora da capa de rodadura, corrixindo tamén as deficiencias estruturais que presenta a vía. Os traballos inclúen ademais a limpeza de marxes e cunetas e a súa sinalización. O prazo de execución destas actuacións é de dous meses.

Situada na parroquia de Piñeiro, a estrada de Rebuxentos é a vía que conecta a LU-P2204 de Momán ás Pontes coa LU-P-2208 de Mazandoi a Porto Souto e que da servizo a varios núcleos rurais. Trátase dunha actuación importante porque a veciñanza utiliza este camiño para



Firma do convenio

acceder a estas estradas provinciais que vertebran o municipio.

A Deputación vén de arranxar a LU-P-2204 que conecta a parroquia de Momán, en Xermade, coas Pontes de García Rodríguez, cun investimento de cerca de 1M€.

Tomé Roca destacou que “asegurar unhas boas comunicacións entre os concellos rurais e entre estes e as zonas urbanas, algo fundamental para o desenvolvemento equilibrado do territorio, para a igualdade de oportunidades, e polo tanto, para manter a poboación”.

## 6.200 persoas estiveron este ano en Sotavento



Recén cumpridos 20 anos da súa inauguración, Sotavento acumula máis de 27.000 grupos e máis de 280.000 persoas nun proxecto pioneiro de educación enerxética que cada día cobra maior importancia polo aumento da demanda enerxética e dos custos económicos e ambientais derivados.

Centrándonos no 2021, un ano marcado pola pandemia, Sotavento pechou con 6.212 persoas pertencentes a un total de 202 grupos, o que fai unha media de 518 persoas/mes. Como novidade e para dar resposta ás restricións derivadas da covid, púxose en marcha un programa de actividades levadas a cabo nos propios Centros Educativos. O éxito do mesmo explica que un 38% das persoas que participaron nas actividades de Sotavento durante este

ano, fixérono a través desta modalidade que continuará activa no 2022. Ademais, este ano incrementáronse significativamente os contidos prácticos relacionados cos distintos fontes enerxéticas así como ca factura da luz, cuestión esta última especialmente recorrente neste período.

En canto a proxectos destacan dous relacionados ca vivenda bioclimática: un sistema de autoconsumo mediante a acumulación eléctrica en baterías e a xestión intelixente do chan radiante mediante un sistema de predición que ten en conta o tempo atmosférico a tres días vista para mellorar a eficiencia e o confort. Grupos técnicos, seguidos de centros de primaria e secundaria foron, por esta orde, os colectivos máis significativos e a duración media das actividades situouse nas 4 horas.

CONSULTORIO DE MASCOTAS E CLÍNICA DE ANIMAIS DE GRANXA  
**CO ANUNCIO RECORTADO 10% DE DESCONTO EN VACINAS E MICROCHIPS**  
 R/ Gabriela Nieto Chaín, nº 20  
 (O Ramal) Rábade  
 Telf. 982 871 103  
**URXENCIAS 24 HORAS**

## En información pública, o proxecto de urbanización da Palloza

O Concello de Outeiro de Rei mantén en exposición pública o proxecto de urbanización, de alumeadado e de reparcelación do sector da Palloza, que foi aprobado de forma inicial xusto antes do Nadal.

A urbanización desta zona quedara pendente de rematarse e tras varios anos sin realizar ningún tipo de traballo por parte do promotor, os veciños mostraron en varias ocasións a súa preocupación ao Concello polo estado no que se atopaban os viais e os servizos da Urbanización, xa que levaban varios anos sen alumeadado público, sen auga da traída, sen pavimentacións, etc.

Así, as obras consisten no asfaltado e colocación de baldosa nas beirarrúas, o cambio de colectores residuais e pluviais, o entronque á rede de abastecemento de auga, o cambio da rede de telefonía e rematar a do gas.

Así mesmo, está previsto o acondicionamento dunha zona verde para



a creación dunha zona de xogos infantís. Neste lugar construíranse paseos, sembrado de céspede, plantación de árbores e construción dunha zona de xogos con 2 randeiras, un tobogán e un areeiro limitados por unha valla de madeira. O prazo de execución será de oito meses e o orzamento é de 1.068.535 euros. Cunha contía diferente está previsto acometer dúas obras vinculadas ao alumeadado, por unha banda a insta-

lación da rede de baixa tensión, cun orzamento de 152.982 euros e pola outra a instalación do alumeadado público para esta urbanización, que teñen un presuposto engadido de 163.863 euros.

Todas estas accións completaranse co proxecto de reparcelación da urbanización, co que se repartirán os gastos das obras anteriores entre o Concello e os propietarios dos terreos, que se dividirán en 39 parcelas.

## Emprenden seis actuacións para incentivar a mobilidade urbana

Seis novas actuacións serán levadas a cabo polo Concello de Outeiro de Rei para mellorar a mobilidade no núcleo urbano de Outeiro e nas urbanizacións de O Salete e Triaqua. O Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), xestionado polo Ministerio para a Transición Ecolóxica, estimou favorablemente a solicitude de axuda do Concello de Outeiro de Rei para proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa Operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020 e financiará con 535.798,90 euros, que supón o 80%.

O obxectivo vai dirixido á implantación de actuacións incluídas no plan de mobilidade urbana sostible do Concello para alcanzar unha mobilidade urbana sostible no municipio. Unha desas actuacións consiste na construción dunha senda peonil e un carril bici que unirán o núcleo urbano coas urbanizacións de Guillar, onde se concentra unha boa parte da poboación deste concello. Estas obras están xa en licitación pública. O obxectivo do Concello é iniciar as obras no prazo máis breve posible, co obxectivo de que estean totalmente finalizadas e poidan ser xa utilizadas polos veciños ao final do verán.

Este proxecto únese a outros que xa se executaron ou están a piques de iniciarse no municipio, como é o caso da conexión a través dunha senda peonil do centro urbano coas urbanizacións de O Salete e Triaqua.

O rexedor de Outeiro de Rei tamén destaca a construción dunha beirarrúa desde o centro urbano ata o grupo escolar e outra que unirá o colexio coa urbanización de Santa Isabel.

Outra das actuacións incluídas é a senda que discorrerá entre o parque empresarial ata Bonxe e que virá a completar a xa existente que une o polígono co centro urbano.

## Tegestacín inicia o proceso de ERE ao anunciar o seu peche

Poco antes de Nadal, a empresa láctea Tegestacín, ubicada nas instalacións que ocupou Alimentos Lácteos, comunicou á representación legal do persoal o inicio de período de consultas para a extinción da totalidade das relacións laborais da factoría de Outeiro de Rei.

A noticia foi trasladada en asemblea ó persoal polo comité, "sendo o particular e macabro agasallo de Nadal da empresa ó seu persoal, por diante ficaban datas intensas nas cales haberá que avaliar o contido e xustificacións realizadas pola empresa", din dende a CIG.

Dende o comité e o persoal, amosouse a preocupación máxima diante desta situación pero tamén a incertidume polo futuro que a empresa terá para as instalacións.

O comité diante da inminente noticia ten solicitado diversas reunións coa administración galega na intención de que sexa parte interesada polo futuro das instalacións desta industria e na conservación dos postos de traballo.

Dende a CIG manifestamos "o noso total rexeite da actuación empresarial, quen ven orquestando o seu



particular desenlace nunha clara operación especulativa, sen solución de futuro para o persoal nen para as instalacións da empresa, dende a CIG entendemos que calquer futuro para as instalacións, necesariamente ten que ter cabida o seu persoal".

Así mesmo, reclamaron o pago dos salarios do mes de decembro, que se lle adeudan aos traballadores.

A empresa comunicou a mediados de mes a súa intención de pechar nun breve espazo de tempo a empresa e proceder á extinción da totalidade dos postos de traballo tras varios episodios de cortes de subministro eléctrico.

Segundo informou a CIG esta decisión suporá a perda do posto de traballo para 70 persoas, "o que terá un importante impacto na economía dos concellos limítrofes".

## O Pleno aproba o plan de emerxencia contra a seca

A corporación reuniuse a final de ano para a aprobación do plan de emerxencia ante situacións de seca, que regulará a xestión da auga da rede de abastecemento, captada nos ríos Miño e Ladra.

Este plan, promovido por un convenio entre a Xunta e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), contempla medidas como a baixada de presión na rede ou a regulación do consumo de auga mediante cortes. Contou co respaldo de grupo de Goberno, tres votos en contra e unha abstención.

Así mesmo, o pleno deu o visto bo á

concesión da bonificación do 50% no Ibi e a licenza de obra pola creación de emprego á empresa Destinos Galicia, para a construción de apartamentos turísticos no municipio. Esta medida contou coa negativa dos dous grupos da oposición.

Tamén foi aprobada cos votos a favor do PP e as 4 abstencións da oposición a conta xeral do exercizo 2020. Por outra banda, o equipo de goberno rexeitou unha moción do BNG sobre a conservación da Casa do Maiordomo, que pasou a ser propiedade da Xunta ante a falta de herdeiros.

**REBAIXAS**  
- 30 %  
En tenda e tenda online  
Carapuchiña Vermella

**Carapuchiña Vermella**  
Rúa Plácido Peña  
Nº3 baixo - 27800 Vilalba (Lugo)  
Telf.: 982 10 31 68  
Móbil: 627 89 30 15  
carapuchinavilalba@gmail.com  
www.carapuchiñavermella.com

**Asesoría Enerxética**  
**Terra Chá**

CONTRATACIÓN - RECLAMACIÓNS  
SUBVENCIONS - AUDITORÍAS  
ILUMINACIÓN LED  
CERTIFICACIÓN ENERXÉTICA  
INSTALACIÓNS FOTOVOLTAICAS

Praza da Constitución, 3 - Baixo. 27800 Vilalba (Lugo)  
Tel.: 982 512 233 - info@enerxiaterracha.es - www.enerxiaterracha.es

# TERRA CHÁ

## EN BREVE

**GDR.** O GDR Terra Chá levou adiante unha iniciativa para impulsar a promoción deste territorio. Así, repartíronse bolsas reutilizables aos concellos para que as repartiran entre as asociacións, comercios, pequenos supermercados, etc. O destino final son os propios clientes e asociados.

**ATENCIÓN TEMPERÁ.** O servizo de Atención Temperá de Vilalba, que atende tamén a pequenos dos concellos limítrofes de Guitiriz e Xermade, abriu un proceso de selección de persoal. Dunha banda, ofértase unha vacante de logopeda e doutra de terapeuta ocupacional para atender a nenos e nenas de 0 a 6 anos con trastornos no seu desenvolvemento. Búscase para este posto unha persoa coa diplomatura e experiencia. As persoas interesadas poden enviar o seu currículo a [empresas@coescoformacion.com](mailto:empresas@coescoformacion.com).

**POEMAS PENDURADOS.** A NPG Nova Poesía Guitirica retoma a V edición dos Poemas pendurados de farolas dedicado a Rosalía de Castro, que se celebrará en febreiro en Vilalba e en xuño en Guitiriz. Cada poeta, de calquera idade ou nacionalidade poderá participar con un poema de estilo libre e en idioma galego ou portugués en calquera das súas normativas. Os poemas, de extensión máxima de 16 versos, poderán ser enviados antes do 22 de xaneiro a [npggazeta@gmail.com](mailto:npggazeta@gmail.com). En Vilalba, esta actividade formará parte das Xornadas Rosalianas. En Guitiriz serán parte tamén do II Festival de poesía Guitirica.

**AVELINO DÍAZ.** Dentro da programación arredor dos 124 anos do nacemento de Avelino Díaz, celebrarase no Centro Sociocultural Avelino Díaz de Riotorto un acto que contará coa conferencia do profesor Bernardo Penabade Rei, investigador da obra de Avelino, titulada *O regreso de Avelino Díaz, cidadán de dous mundos*, e coa actuación da Coral de Riotorto. O evento, que será presentado por Yoani Jartín Salgado, terá lugar o sábado 15 de xaneiro, a partir das 17.00 horas. No acto farase entrega dunha edición en facsimile do libro de Avelino Díaz. *Unha voz comprometida na Galicia emigrante*. Para este evento a entrada será libre pero o aforo estará limitado.

**José Seoane Álvarez - Servicios Agrícolas**

Transformacións agrarias  
Desbroces e plantacións de montes  
Servicio de podas



San Lorenzo de Árbol, 13. 27800 Vilalba. Tels.: 608 306 746 - 679 955 138

## A UDC crea un prototipo para persoas maiores



A Casa Habanera de Roupar acolleu a presentación dos resultados dun convenio de colaboración a través do que a institución provincial achegou 35.000€ á UDC para desenvolver un traballo de estudo e deseño dun prototipo de equipamento dotacional para persoas maiores no rural galego.

A iniciativa, que se artellou en torno ás edificacións da Casa Reitoral e da Casa Habanera de Roupar e que contou coa estreita colaboración da Asociación de Veciños deste núcleo e do Concello, ten carácter experimental e define un modelo de vivendas comunitarias con servizos asistenciais, actividade sociocultural e recursos que é replicable a outros lugares da provincia e de Galicia.

O equipamento deseñado, que recibe a denominación de Casa da Veciñanza, busca o envellecemento activo e favorecer que as persoas maiores se poidan quedar a vivir na súa localidade ou zona de residencia contando cos recursos axeitados para poder facelo, o que axuda a fixar poboación.

O presidente enmarcou o convenio coa UDC para elaborar este traballo de estudo e deseño de novos modelos de equipamentos dotacionais para persoas maiores na aposta da Deputación "pola colaboración coa Universidade pública para apoiar a investigación e a innovación, e transferir eses coñecementos á sociedade e ao tecido produtivo para impulsar o seu desenvolvemento e progreso".

"Dende a Deputación apoiamos un proxecto para elaborar un prototipo de equipamento para as persoas maiores en Roupar", asegurou José Tomé.

## Xotramu participou en Meira na reunión do Observatorio do Patrimonio Lúdico Galego

A vila de Meira acolleu unha reunión do Observatorio do Patrimonio Lúdico Galego, que se formou co obxectivo de recuperar os xogos tradicionais en Galicia e entre os que se atopa Xotramu de Muimenta.

Na reunión dos responsables das diferentes asociacións galegas deseñaron un proxecto que propón á Xunta de Galicia que se promoven os xogos tradicionais nos distintos camiños da Ruta Xacobeá durante este ano 2022.

Representantes das diferentes entidades integrantes buscan financiamento para desenvolver esta iniciativa, que inclúe a celebración de 30 xornadas de xogos nos diferentes municipios dos Camiño, entre os que se atopa tamén Vilalba.

SERVICIOS AGROFORESTALES

**SEOANE**

## A sexta vaga da covid arrasa polos contactos de Nadal

As que prometían ser as festas de Nadal de volta á normalidade acabaron castigadas polo desbordado crecemento da covid en toda a provincia. Despois de ter a comarca case limpa, a situación neste Nadal deixou a todos os concellos da contorna con presenza do virus, en maior ou menor medida. Malia que comenzaron a impoñerse algunhas restricións, a situación segue desbordada e non se espera chegar ao pico da curva ata avanzado o mes de xaneiro.

O novo sistema de control de casos ofrece unhas cifras de infección menos fiable xa que moitos dos casos, que se detectan nos fogares, non rematan nas estatísticas oficiais. Tras uns días de caos debido á imposibilidade de comunicar a enfermidade e ante as numerosas queixas, o Sergas habilitou un formulario na web para autodeclarar os casos.

De feito, seguen as protestas de que nos centros de saúde non se logra comunicar por teléfono e no de atención da Xunta os operadores están sempre ocupados.

Este novo sistema deriva dunha situación de colapso denunciada por varios colectivos, "debido á falta de médicos xa que a Xunta non ampliou a contratación de máis facultativos". Aínda que nun principio con este novo reconto o crecemento concello a concello relantizouse claramente, estase a producir un novo aumento de casos activos que levan á provincia de novo arredor do 8.000 enfermos.



Un cribado realizado estes días

Defende a Xunta alegando a tranquilidade que dá o avance da vacinación malia que volveron os falecementos nesta vaga, aínda que nunha porcentaxe moi reducida.

As novas restricións implican a existencia do certificado covid en todos os locais, o uso continuado de máscaras, redución de horarios de apertura dos locais de hostalaría ata as 0.00 horas, redución de aforos en competicións deportivas e de grupos de non convivintes. Pola contra, as cuarentenas quedan reducidas a sete días.

**CRIBADOS.** O Sergas abriu novos puntos para facer probas diagnósticas (test de antíxenos) nos municipios de Vilalba, Sarria, Viveiro e Ribadeo. Na capital da Chaira sitúase no auditorio municipal Carmen Estévez, con horario de atención ao público de 16.00 a 20.00 horas.

ELISARDO BARCALA

Eu si que teño inflación

Apoio ao Sector:  
Por un prezo sustentable aos produtores

Web: [www.ebarcala.com](http://www.ebarcala.com)  
Facebook: @ebarcala

# Tomé presenta máis de 600 avais para a súa candidatura ao PSdeG

José Tomé Roca, alcalde de Monforte de Lemos e presidente da Deputación de Lugo, presentou os avais para formalizar a súa candidatura ás primarias á Secretaría Xeral do PSdeG na provincia de Lugo. A candidatura de José Tomé acadou un importante respaldo no conxunto da provincia, xa que reuniu máis de 600 avais, máis do dobre da cantidade máxima fixada polos estatutos do partido para poder participar neste proceso.

“Quero agradecer esta mostra de respaldo, que é moi importante en termos cuantitativos, pero tamén dende un punto de vista cualitativo, xa que os avais proceden do conxunto da provincia, de todas as comarcas”, subliñou.

“Na presentación da candidatura dixen que quero un partido forte, unido e integrador, que garanta o intercambio de ideas e de comunicación entre a militancia. É unha satisfacción comprobar que moitos compañeiros e compañeiras de toda a provincia o entenderan así e decidiran darme o seu aval”, asegurou.

José Tomé explicarlle ós socialistas da provincia dúas cuestións fundamentais, que xa detallou cando anunciou a súa candidatura, e que son: por que se presenta á Secretaría Xeral do Partido Socialista na provincia e para que se presenta, facéndoo dende a proximidade, con diálogo e coa vontade de poñer en común



ideas para deseñar medidas concretas que fortalezan a capacidade de acción do partido na provincia.

Na presentación da candidatura, Tomé Roca subliñou que dá o paso coa vontade de poñer ó servizo do PSdeG no conxunto da provincia toda a súa experiencia política, tanto orgánica como institucional, e toda a capacidade de traballo, de organización, de propostas e de dinamismo que está demostrando no Concello e na Deputación, para, como fixo en Monforte, levar á organización ás máximas cotas de apoio electoral e de representación institucional, porque así iralle mellor á provincia.

Para elo, propón unha estrutura orgánica, un modelo de funcionamento e un proxecto político que consolide e que mellore os resultados que ten hoxe o Partido Socialista na provincia de Lugo, de cara ás próxi-

mas eleccións municipais, e que toda esta forza municipalista sirva de palanca de impulso para contribuír e ser determinantes para lograr o cambio na Xunta de Galicia en 2024 e para manter o Goberno do Estado. En canto ós obxectivos, José Tomé Roca propón catro liñas de traballo: ensanchar as bases do partido, recuperando a capacidade para ilusionar e atraer a todas as persoas que queiran traballar pola provincia; ofrecer asesoramento técnico e político, apoio e formación, ós que poidan acudir os socialistas para facer o seu traballo diario nos concellos, para plantexar mocións, para darlles información ou para axudarlles na súa relación cos medios de comunicación, tanto nas tarefas de goberno, como na oposición e fomentar a participación para que o partido sexa como unha canle de comunicación.

## Un reto para incentivar o sendeirismo

Os concellos de Outeiro de Rei e de Castro de Rei veñen de publicar conxuntamente, grazas a unha subvención acadada a través do Fondo de Compensación Ambiental, un material de difusión das rutas de sendeirismo existentes nos seus respectivos termos municipais. Ademais de publicitarse as rutas, un total de sete, proponse un reto para animar ás persoas amantes da natureza e do sendeirismo a realízalas.

As rutas que se propoñen neste reto discorren polo territorio das Paisaxes da Auga, moi representativo da Terra Chá, e exaltan recursos naturais, culturais e patrimoniais que se atopan nestes concellos.

O reto consiste en percorrer de principio a fin cada unha das 7 rutas propostas e facerse unha foto co mapa correspondente da ruta nos distintos puntos de cada recorrido que aparecen enumerados. Como agasallo por rematar o reto

obterase unha maqueta para a montaxe dunha libélula. A libélula é un puzzle 3D de madeira apto para todas as idades a partir dos 6 anos.

As persoas que realicen as rutas e saquen as fotos acreditativas, para recibir o seu agasallo tan só deberán envialas achegando os seus datos de contacto ao enderezo: [xuventude@concellodeouteiroderei.org](mailto:xuventude@concellodeouteiroderei.org); máis información no 982 393 408.

## A Compostela xa está vixente nas vilas do Camiño Real



O alcalde das Pontes, Valentín González, acompañado polo bispo da diocese de Mondoñedo Ferrol, Fernando García Cadiñanos, deu a coñecer nun acto no que estiveron presentes o alcaldes e representantes dos Concellos de Xermade, Muras, Abadín, Mondoñedo e Neda, a concesión da compostela para o Camiño Real Mondoñedo-Ferrol.

Así mesmo, o rexedor local subliñou que “este anuncio conleva a posibilidade, nunca imaxinada, de poder expedir a compostela na nosa vila, en Xermade, en Muras e en cada un dos concellos polos que transcurre este novo camiño, que vais desde Mondoñedo a Ferrol, e ao que pro-

poñemos denominar O Camiño do Bispo”.

González Formoso durante a súa intervención fixo fincapé na importancia desta concesión que dota aos concellos dunha nova ferramenta que conleva, innumerables beneficios desde distintos puntos de vista. Tras este anuncio comezará un proceso administrativo para recoñecer, en paralelo ao recoñecemento eclesíastico, o recoñecemento do Camiño do Bispo como camiño cultural e, a continuación, abordar unha nova fase que permita a incorporación definitiva do Camiño Real, que vai de Mondoñedo a Ferrol, como Camiño de Santiago.

## Deputación e Correos únense para levar o servizo ao rural

O presidente da Deputación, José Tomé Roca, e o presidente da Sociedad Estatal de Correos e Telégrafos, Juan Manuel Serrano Quintana, asinaron un protocolo entre a institución provincial e esta entidade para impulsar novos proxectos que favorezan a cohesión territorial da provincia e axuden a loitar contra a despoboación ao facilitarlles que poidan realizar xestións independentemente de onde vivan.

O obxectivo é garantir o acceso aos servizos públicos básicos á poboación rural e de zonas con poucos habitantes nas mesmas condicións que o resto de persoas que viven nas áreas urbanas. A Deputación e Co-

reos traballarán en proxectos que aproveiten a presenza territorial da compañía, que conta con 24 oficinas na provincia, 46 puntos de atención rural e máis de 200 carteiros e carteras rurais que percorren a diario parroquias e aldeas lucenses.

Este acordo tamén servirá para que naquelas localidades onde as entidades bancarias non teñan oficina, se fixen caixeiros en Correos ou se amplíen os servizos que prestan os carteiros rurais a domicilio, como pode ser a entrega de diñeiro en efectivo co servizo Correos Cash. Este compromiso entre inclúe, ademais, o impulso da plataforma de venda online Correos Market.



**TECOR TERRA CHÁ.** Seguindo coa súa tradición anual o Tecor Terra Chá entregou a donación anual de carne o comedor social San Froilán de Lugo durante este Nadal. Este ano foron 200 racións de xabaril envasada e certificada sanitariamente e lista para cociñar, unha especie apta para o consumo.



## DEPUTACIÓN

## Aprobado o Plan Único 2022

O último Pleno do ano deu para adiante á proposta do equipo de Goberno, que contempla un investimento de 21,5 millóns

O Goberno da Deputación de Lugo sacou adiante no Pleno ordinario de final de ano as bases do Plan Único do ano 2022, que está dotado con 21,5M€ e que simplifica aos concellos a xestión dos fondos ao eliminar trámites administrativos intermedios. A proposta foi aprobada cos votos a favor dos grupos do PSdeG e do BNG, e coa abstención do Partido Popular.

O presidente, José Tomé Roca, subliñou a importancia de dar este paso no ano anterior ao período de vixencia do plan porque así as entidades locais “poden planificar as accións municipais con maior antelación e traballar con máis previsión e tempo, co que aproveitan mellor os recursos económicos”.

José Tomé destacou así mesmo que dende o inicio do mandato “incrementamos a dotación económica do Plan Único de 21 a 21,5M€”, a ferramenta “máis importante que ten a Deputación para a colaboración cos concellos” e, ademais, “cada ano melloramos as condicións para que sexa máis útil”, subliñou o presidente, destacando neste sentido que no 2022, como novidade, os concellos só deberán enviar a documentación que acredite e xustifique debidamente as actuacións realizadas, eliminando trámites intermedios.

Pola súa banda, a voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, incidiu en que este programa “forma parte do noso compromiso de máxima cooperación cos concellos. Cada ano tratamos de incorporar melloras no Plan Único, sempre pensadas para facilitarlles a planificación e a xestión dos investimentos e para



O presidente da Deputación, entrando no salón de plenos

que estes fondos sirvan da mellor maneira posible para atender as necesidades dos seus veciños e veciñas”.

Neste sentido, García Porto afirmou que a simplificación dos trámites administrativos, coa supresión de prazos intermedios, que se aplicará no 2022, “algo moi importante sobre todo para os concellos máis pequenos, que teñen menos recursos humanos e técnicos”, súmase a outras melloras implantadas nos últimos anos, “como o incremento do Plan Único ata acadar os 21,5M€, que mantemos este ano, a apertura dunha liña para que os concellos poidan ofrecer apoio á hostalería, ao turismo e ao comercio, dos sectores máis afectados pola pandemia, ou a posibilidade de imputar gastos con cargo a estes fondos dende principios de ano”.

O Goberno da Deputación prevé que

a principios de xaneiro xa se poida abrir o prazo para que os concellos presenten os proxectos que queren desenvolver cos fondos do Plan Único, ao aprobarse as bases.

**CRITERIOS OBXECTIVOS.** No Plan Único do 2022, a Deputación mantén a distribución con criterios públicos e obxectivos dos fondos públicos entre os 67 concellos da provincia, “algo que botamos en falta doutras administracións e que redundará na cohesión social e no equilibrio territorial, e, polo tanto, no beneficio da provincia”, asegurou a deputada. A poboación, a superficie, a dispersión territorial e a taxa de envelhecimento, segundo os datos oficiais do Instituto Nacional de Estatística, son os criterios de reparto que se aplican. Ademais, fíxase unha contía máxima de 500.000 e mínima de 200.000€, coa que se blinda o financiamento

do concellos máis pequenos.

**UN PLAN ÚNICO DA XUNTA.** No Pleno deste martes saíu adiante tamén, cos votos a favor do PSdeG e o BNG e en contra do PP, unha proposta do Goberno para reclamar á Xunta de Galicia a elaboración dun Plan Único para concellos e deputacións. A voceira socialista destacou que esta proposta vén a recoller a petición que “o presidente da Deputación formulou en novembro no Parlamento de Galicia e recolle as reclamacións formuladas pola FEGAMP e a FEMP pedindo un financiamento suficiente baseado en criterios obxectivos”.

O Goberno da Deputación, dende o inicio do mandato, inxectou 64M€ nos concellos da provincia, un investimento co que acometeron en total unhas 1.000 obras e subministracións e contrataron a máis de 900

persoas, lembrou a deputada, asegurando que, pola súa banda, “con datos de 2015, un da cada cinco concellos galegos dedicou máis do 20% do seu orzamento a facer fronte a gastos impropios. Ese ano, os municipios galegos gastaron nese sentido uns 242M€. Pola contra, o Fondo de Cooperación Municipal da Xunta era duns 113M€”.

“O desprezo da Xunta ós concellos púxose de manifesto con toda a crueza na pandemia. 1.800 millóns de fondos extra percibidos do Estado e da UE. Nin un euro transferido ós concellos, aos que, ademais, se lles pediu que asumiran o custo das desinfeccións ou mesmo que estableceran controis perimetrais de co-rentena”, apuntou García Porto.

Por iso, a proposta do Goberno, o Pleno aprobou instar á Xunta de Galicia a aprobar un Plan Único para concellos e deputacións elaborado de acordo con criterios obxectivos similares aos empregados na institución provincial lucense; garantir que o devandito Plan Único iguale, polo menos, a porcentaxe orzamentaria que a Deputación de Lugo dedica á cooperación cos concellos, que supón un 20% do total, polo que, cos orzamentos da Xunta para 2022, de 11.627 M€, isto equivalería poñer á disposición da administración local galega 2.325M€; e presentar á maior brevidade un proxecto de lei de financiamento local acordado coa Fegamp, un proxecto que clarifique as competencias municipais, determine o seu financiamento e garanta un fluxo de fondos anuais repartidos de xeito obxectivo que permita a planificación das políticas municipais.

ABADIN	337.055,11 €
ALFOZ	274.196,80 €
ANTAS DE ULLA	274.301,59 €
BALEIRA	277.464,84 €
BARALLA	292.595,56 €
BARREIROS	276.404,18 €
BECERREA	303.947,87 €
BEGONTE	296.673,21 €
BOVEDA	246.877,91 €
BURELA	376.404,19 €
CARBALLEDO	316.550,68 €
CASTRO DE REI	395.470,03 €
CASTROVERDE	304.596,43 €
CERVANTES	329.824,00 €
CERVO	297.362,87 €
CORGO (O)	341.414,11 €
COSPEITO	363.065,05 €

CHANTADA	471.849,81 €
FOLGOSO DO COUREL	269.009,93 €
FONSAGRADA (A)	444.285,24 €
FOZ	429.621,41 €
FRIOL	412.703,31 €
GUITIRIZ	446.479,57 €
GUNTIN	318.059,51 €
INCIO (O)	289.486,97 €
LANCARA	298.607,89 €
LOURENZA	252.721,86 €
LUGO	500.000,00 €
MEIRA	224.743,86 €
MONDOÑEDO	309.135,66 €
MONFORTE DE LEMOS	500.000,00 €
MONTERROSO	307.724,16 €
MURAS	284.064,87 €
NAVIA DE SUARNA	306.506,68 €

NEGUEIRA DE MUÑIZ	194.267,77 €
NOGAIS (AS)	243.368,74 €
OUIROL	305.960,67 €
OUTEIRO DE REI	359.001,21 €
PALAS DE REI	378.157,78 €
PANTON	330.103,55 €
PARADELA	291.020,42 €
PARAMO (O)	245.691,31 €
PASTORIZA (A)	327.219,01 €
PEDRAFITA DO CEBREIRO	254.013,46 €
POBRA DO BROLLON (A)	283.495,95 €
POL	268.331,14 €
PONTENOVA (A)	274.668,93 €
PORTOMARIN	263.989,47 €
QUIROGA	351.988,04 €
RABADE	195.887,76 €
RIBADEO	450.612,27 €

RIBAS DE SIL	231.114,70 €
RIBEIRA DE PIQUIN	231.652,20 €
RIOTORTO	238.089,60 €
SAMOS	282.251,29 €
SARRIA	500.000,00 €
SAVIÑAO (O)	383.959,75 €
SOBER	323.730,24 €
TABOADA	329.800,53 €
TRABADA	253.891,01 €
TRIACASTELA	204.414,27 €
VALADOURO (O)	288.261,69 €
VICEDO (O)	258.502,76 €
VILALBA	500.000,00 €
VIVEIRO	500.000,00 €
XERMADE	308.297,41 €
XOVE	279.051,89 €
TOTAL	21.500.000 €



# 100 inscritos no plan de emprego para a mocidade

Xa hai 100 inscritos no Programa de Acompañamento á Inserción Laboral da Mocidade. Reiníciate: enfoca o teu futuro, un novo plan de emprego xuvenil impulsado pola Deputación de Lugo e a Escola de Organización Industrial (EOI) co obxectivo de que un total de 400 mozos e mozas da provincia poidan acceder a profesións de alta demanda vinculadas coas novas tecnoloxías. O programa arrancará a semana que vén coas 5 primeiras actividades de formación gratuíta.

O luns 17 de xaneiro darán comezo as formacións de Auxiliar de xestión informática especializado en licitacións e subvencións públicas, Xestión comercial e márketing e Márketing dixital e redes sociais. Os tres rematarán o vindeiro 14 de marzo. Algúns terán lugar en quendas de mañá e outros en horario de tarde. O vindeiro 10 de febreiro comezarán os programas Community manager e márketing dixital e Auxiliar de xestión informática para pemes e asociacións, que rematarán o 7 de marzo. Ambos terán lugar de luns a venres, o primeiro en horario de mañá e o segundo en quenda de tarde. Cada programa ten unha capacidade de 15 persoas.

Quedan 300 prazas, que poden solicitarse na web: [empleojovenlugo](http://empleojovenlugo).

es Para calquera consulta ou dúbida, as persoas interesadas poden chamar ao número de teléfono 982 260 204.

Este programa, que se prolongará durante un ano e que forma parte do Plan de Impulso da Economía da Provincia lanzado pola Deputación para favorecer a reactivación do tecido produtivo fronte ao impacto da pandemia, dispón de máis de 400 prazas destinadas para a mocidade dos 67 concellos da provincia que estean en situación de desemprego. Deben ter entre 16 e 30 anos e atoparse inscritos no Sistema de Garantía Xuvenil para poder participar. Impartirase de maneira semi-presencial para facilitar que o alumnado poida recibir formación dende calquera punto da provincia.

Promovido pola institución provincial e a EOI, este plan de emprego conta cun orzamento de 1.082.950€, achegados nun 85,9% pola Escola de Organización Industrial a través do Fondo Social Europeo, que supón 930.254,05€. A Deputación de Lugo asume o 14,1% restante, o que supón 152.695,95€. Un programa que dá continuidade ao Reiníciate: dixitaliza a túa empresa, que tamén puxeron en marcha ambas entidades e que está tendo moi boa acollida entre as empresas



Presentación do programa Reiníciate

da provincia.

O presidente explicou que o obxectivo deste programa é darlle á mocidade “ferramentas para axudarles a encontrar traballo, ofrecéndolles para iso información especializada, teórica e práctica, naqueles ámbitos que hoxe en día máis se reclaman no mundo laboral”. Nese sentido, Tomé detallou que “é unha formación que responde á necesidade real de perfís profesionais que se están demandando, é dicir, os que máis expectativas de inserción laboral teñen”.

**PRÁCTICAS REMUNERADAS.** Este novo programa da Deputación e a EOI inclúe ata tres meses de prácticas non laborais que serán remuneradas. O alumnado poderá completar a súa formación tanto en empresas como en asociacións da provincia cobrando uns 700 euros ao mes durante este período.

Tomé Roca puxo en valor que “grazas a este programa os participantes mellorarán a súa capacidade e aptitudes para encontrar un traballo

e, ao mesmo tempo, as empresas e entidades da nosa provincia, coa incorporación deste tipo de perfís profesionais, poderán mellorar a súa actividade, ser máis eficientes, ter máis recursos para optar a procesos de concorrencia pública e ser máis áxiles nos seus procedementos administrativos e no mundo dixital”.

**INSERCIÓN LABORAL.** “A previsión coa que traballamos é que a inserción laboral deste programa sexa, polo menos, dun 25% dos participantes. É dicir, que uns 100 mozos e mozas consigan un emprego ao rematar este programa. Esta é unha previsión, pero oxalá poidamos superar esa porcentaxe”, recalcou o mandatario provincial.

O presidente recalcou que, sobre todo, este proxecto “é unha medida de apoio ao rural para que os mozos e mozas da provincia de Lugo poidan labrar o seu futuro no lugar onde viven atopando un posto de traballo no seu concello ou na súa comarca”.

## Volve o programa da Deputación Coñece a túa provincia

O Goberno provincial aprobou lanzar a segunda tempada do programa de viaxes gratuítas para entidades sen ánimo de lucro Coñece a túa provincia tras a gran acollida da primeira edición.

A Xunta de Goberno aprobou as bases reguladoras da convocatoria do programa para o ano 2022, durante o que a Deputación ofrecerá un máximo de 3.036 prazas repartidas en dous períodos: a primavera (de marzo a xuño), con 1.794 prazas, e outono (de setembro a decembro), con 1.242 prazas.

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días naturais contados a partir do día seguinte da publicación das bases reguladoras da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP), aínda que a Deputación informará do día concreto a través dos seus canais habituais.

Cada entidade interesada poderá presentar unha única solicitude, que poden enviar vía telemática a través da sede electrónica da Deputación; entregala no Rexistro da Deputación previa cita telefónica; en calquera dos rexistros que menciona a Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou tamén nas oficinas de Correos.

As condicións das viaxes e os itinerarios dispoñibles son os mesmos que a primeira tempada do programa, aínda que as persoas interesadas teñen toda a información na páxina web da Deputación de Lugo ([www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal))

## O ente provincial realizou máis de 60 accións para impulsar o turismo provincial

O Consello de Turismo celebrou a última reunión do ano na que se deu conta das accións realizadas pola área de Turismo ao longo deste 2021.

A Deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, abriu a sesión recalcando que as máis de 60 accións postas en marcha pola Deputación de Lugo no 2021 en materia de turismo tiñan o obxectivo prioritario de apoiar ao sector turístico “como un sector estratéxico para a nosa provincia”. Neste sentido García Porto expuxo que traballouse para “axudar na súa recuperación fronte ó impacto que as restricións pola pandemia tiveron na súa actividade, e facelo impulsando un modelo de turismo de calidade e sostible, non masificado, de experiencias, na natureza, que pon en valor o

patrimonio, un modelo no que levamos traballando dende hai moito tempo, pero que, precisamente, se viu revalidado coa chegada da pandemia”.

Entre as diferentes accións levadas a cabo polo servizo de Turismo da institución provincial destacan programas como Saborea a túa provincia e Coñece a túa provincia, centrados no turismo de proximidade; o programa de ocio Actívate; as rutas fluviais en catamarán pola Ribeira Sacra ou as diferentes actividades vinculadas á Ruta Transrománica. Iniciativas que se combinaron cos patrocinios de grandes eventos deportivos como La Vuelta Ciclista, a Gold River Race ou a participación do piloto monfortino Eduardo Iglesias no Dakar 2021; e audiovisuais como a película Live is Life do cineasta Dani de la Torre.

## Comeza o proceso de elaboración do primeiro Plan de Igualdade

A Deputación está artellando os mecanismos necesarios para elaborar, negociar e aprobar o primeiro Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes co que contará a institución provincial.

A voceira socialista e deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, anunciou que se trata dun instrumento de “modernización do sistema de xestión da Deputación que garanta unha estrutura interna e unhas relacións coa sociedade guiadas pola igualdade de xénero”.

O presidente, José Tomé Roca, convocou unha Xunta de Voceiros e Voceiras para manifestar a vontade por parte do Goberno de elaborar un Plan de Igualdade, unha proposta que recibiu o apoio unánime dos grupos políticos representados na Corporación.

Tras esta xuntanza, constituíuse a comisión encargada de impulsar e



Reunión da comisión de Igualdade

coordinar os traballos para sacar adiante o Plan de Igualdade, que estará formada por 8 persoas, entre representantes da institución, persoal técnico da Deputación e representantes das organizacións sindicais.

A institución está, ao mesmo tempo, traballando nun estudo de diag-

nose da situación actual do organismo en materia de igualdade, que “servirá para detectar as medidas de mellora a incorporar no Plan, que, se non hai imprevistos, esperamos ter listo nos primeiros meses do vindeiro ano 2022”, apuntou a voceira socialista.

## AGRO

# A Xunta convoca novas axudas para os danos do lobo e o xabaril

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda vén de publicar dúas novas convocatorias para paliar os danos do lobo e do xabaril, cun orzamento global de preto de 2,1 millóns de euros.

Unha das novidades da convocatoria para paliar os danos producidos polo lobo é a inclusión dun importe adicional, en concepto de lucro cesante, para o gando bovino e ovino-cabrun reproductor de carne e leite (femias). Suporá un incremento dun 10% nos importes das reses bovinas con maior afectación polos danos (maiores de 2 anos) e equinos menores de 4 meses; de case un 12% en ovinos menores de 6 anos (pasan de 59 a 70€); e dun aumento dun 18,6% para os anos (103 a 115€).

A convocatoria conta cunha partida inicial de case 650.000 euros, polo que a Xunta mantén o esforzo realizado nos últimos anos tendo en conta o escenario incerto e inseguro xuridicamente que se presentou para o sector desde o mes de setembro, a raíz da publicación da orde do Goberno central que elevou o status legal da especie mediante a súa inclusión na Listaxe de especies silvestres en réxime de protección especial.

A orde recolle un ano máis a posibilidade de sufragar os gastos veterinarios das reses que resulten feridas e, de ser necesario no caso de sufrimento grave e irreparable, tamén cubrirá os gastos de eutanasia acreditados e realizados de forma regrada por un profesional. Novamente,

serán subvencionables os abortos que sufran as reses, como consecuencia do acto de depredación e tras a correspondente acreditación veterinaria.

En canto á orde de axudas para paliar os danos do xabaril sobre cultivos, a nova convocatoria dispón dun orzamento de 1,45 millóns de euros. Unha das novidades é que se incrementa o importe máximo da axuda nun 25%, xa que se fixa nos 2.500 euros, fronte aos 2.000 euros por beneficiario que estipulaba a anterior convocatoria.

A Xunta declarou o pasado mes de agosto a emerxencia cinexética temporal en 29 comarcas galegas para frear os danos do xabaril, que estará en vigor ata o 27 de febreiro de 2022.



## O 1 de febreiro iníciase o período de solicitude das axudas da PAC do 2022

O Consello de Ministros aprobou o real decreto que modifica outros tres de decembro do 2014 sobre a aplicación da política agraria común e que adapta á normativa nacional outras actualizacións realizadas pola UE.

Estes cambios, como avanzou o Ministerio de Agricultura nun comunicado, permitirán que os agricultores e gandeiros españois poidan percibir máis de 7.425 millóns de euros en axudas no 2022.

Nos 7.425 millóns está incluído tanto o Fondo Europeo Agrícola de Garantía Agraria (FEAGA), de onde veñen as axudas directas, ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rural (Feader), de onde proceden as axudas do segundo pilar. A campaña de solicitude das axudas iníciase o 1 de febreiro. Entre as principais modificacións que recolle esta norma está a definición de «coeficiente de admisibilidade de pastos» que permitirá que as comunidades autónomas poidan establecer na súa normativa un valor mínimo de coeficiente por baixo do que dita superficie non será subvencionable.

Tamén se modifican as axudas asociadas gandeiras. Neste sentido, aclara o procedemento de cómputo de animais elexibles para os que empecen a súa actividade, de tal maneira que a autoridade competente poida aplicar a “opción máis beneficiosa para estes solicitantes”.

## O PSOE reclama á Xunta as subvencións para o control de incendios nos montes veciñais



A portavoz de Agricultura do Grupo Socialista, Carmen Rodríguez Dacosta, reclamoulle ao goberno galego que abra xa as solicitudes de subvención para levar a cabo as labores preventivas de incendios forestais nos montes veciñais e os tratamentos silvícolas para o incremento do valor ecolóxico dos bosques. Rodríguez presentou unha iniciativa en Comisión parlamentaria que foi rexeitada polo PP.

A responsable socialista explicou que os traballos están condicionados á aprobación da axuda, e a Xunta ten un prazo máximo de 5 meses para notificar a resolución, o que provoca que de retrasar máis o procedemento de novo poderíamos atoparnos con que as labores preventivas non poden comezar ata despois de que comece a temporada de risco de incendio. Rodríguez Dacosta alertou fronte ao risco de que se repita a situa-

ción deste mesmo ano, cando a pesares de ter rematado o prazo legal, houbo solicitantes que non puideron comezar coas labores preventivas ata o mes de novembro. Advirte que “é de perogrullo sinalar que o relevante e o obxecto da orde de axudas é que estas poidan realizarse antes de xuño e polo tanto da época de alto risco de incendios”.

A parlamentaria socialista levou ao parlamento o “enfado crónico” do sector forestal, que se atopa cada ano coa mesma situación de que “chega o verán sen que se fagan os traballos de prevención”. Explica que as comunidades de montes non poden comezar cos traballos ata que os técnicos da Xunta elaboren un informe que non chega ata despois da época de alto risco de incendios, e iso cando teñen a sorte de que as condicións climatolóxicas son axeitadas.

## Vacunación

### APUNTAMENTOS VETERINARIOS



Breixo González

**H**oxe para comezar o ano imos falar dun tema moi manido e cheo de imprecisións intencionadas por certos grupos (que moitas veces veñen por grupos conspiranoicos e pseudocientíficos) e ese tema son as vacinas, e así imos falar de elas dende o enfoque veterinario e no mundo das mascotas.

As vacinas son un pilar básico na erradicación de enfermidades, dende que se descubriu a vacina da variola a finais de 1700 (co cal non podemos dicir que é algo moderno nin testado) e dende enton hai outras enfermidades que foron erradicadas ou cando mínimo reducidas a mínima expresión, como a polio...

E o mesmo ocorreu con enfermidades animais como a rabia... pero nestes últimos anos internet, que moitas veces non ten control do que se publica, comezou a espallar mentiras e información sesgadas e cousas que non se sabe moi ben de onde veñen... Estamos vendo que as taxas de vacinación dos animais baixaron e incluso vemos camadas que veñen a clínica sen desparasitar nin vacinar... e ahí veñen os problemas.

As vacinas, a mellor comparación que podemos facela sería que ensinan (mediante diversos mecanismos en función da vacina e do patóxeno) ensinan o noso sistema inmune cales son os patóxenos dos que deben defenderse, e cando o patóxeno aparece en el, fai que o corpo e o noso sistema inmune. E iso estámolo vendo no caso desta última vaga da Covid, na que a pesares de ter uns números de contaxios enormes, temos, menor taxa de ingresos, e isto é a causa da vacinación. E do mesmo xeito a vacina

non impede que nos infectemos (si, reducen o risco de infección pero se non temos os cuidados debidos, infectaremonos igual), a diferenza está que o dano que nos causen sexa moito menor, do mesmo xeito que un chaleco antibalas evita que morramos dun disparo no peito pero non evita que se rompan rompan as costelas no proceso.

Esto mesmo ocorre cas vacinas animais e por iso é fundamental a boa xestión das pautas de vacinación.

Primeiro: as vacinas son medicamentos veterinarios de prescrición e aplicación veterinaria, e teñen que cumprir unha estricteza de frío, co cal as vacinas non poden ser vendidas nin aplicadas por particulares (cousa que vemos e sempre están asociadas a súa ineficiencia).

Segundo: Os programas de vacinación teñen unhas pautas de aplicación (tempo entre doses, tipo de vacina) dadas pola experimentación do laboratorio e os resultados dos mesmos.

Terceiro: As pautas de vacinación deben vir acompañadas de unha exploración do estado xeral do animal e deben ir acompañadas de un programa de control de parásitos (que tamén só o pode prescribir un veterinario). Ademais a desparasitación é fundamental no cachorro, xa que vemos que moitas veces acooden cachorros a vacinar e teñen cargas parasitarias moi elevadas, eses mesmos parásitos danan as súas paredes intestinais e diminúen as súas defensas facéndoos susceptibles a contraer enfermidades como a parvovirose. E as vacinacións deben repetirse cunha base fixa en animais adultos para manter a inmunidade o longo da vida das nosas mascotas.

Estamos vendo casos de camadas enteiras afectadas de parvovirose, animais adultos afectados de moquillo e brotes de tos das canceiras e nos gatos de panleucopenia... e é unha magoa que se produzan xa que todas elas teñen vacina.

# “Hai que ter un sistema de produción local en condicións”

Isabel Vilalba renovou como secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego

Falamos con Isabel Vilalba Seivane, relexida ata 2024 secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego, e na que carga contra a aprobación da nova lei estatal de cadea alimentaria.

## Foi reelegida novamente como secretaria xeral do SLG. Como recibe esta renovación?

É unha honra traballar nun colectivo no que cres e que sintes o apoio da xente. Levo nel dende o 2012. Afron-to esta renovación nun contexto de moita preocupación e con moitos retos e moi importantes, como a ameaza das subas de costes ou do cambio climático, que parece que está moi lonxe pero non. De feito xente que estaba no congreso que fixemos, como produtores e agricultores dixeron que están a notar un incremento nas pragas que antes non había, danos meteorolóxicos moi fortes que as veces levaban as colleitas enteiras, entón temos retos moi importantes.

## Como se atopa o agro galego?

É un momento de moita preocupación para os sectores gandeiros e agrarios cos que traballamos porque en xeral hai una suba moi importante de custos de produción e una ameaza de que neste novo ano que vén eses custos como electricidade, alimentación, combustibles, fertilizantes, etc. van continuar nunha tendencia de subida.

Paralelamente temos uns prezos que se manteñen á baixa ou con mínimas variacións e isto coloca ao sector nunha grave tensión e nun grave momento de dificultade. Este é o marco actual, un marco de preocupación, de como se porán as medidas que nestes momentos necesita o sector.

## Contan con alianzas de traballo?

Creemos moito nas alianzas porque parécenos que necesitamos de todo o tecido social e tamén do mundo urbano para apoiar as reivindicacións que nos defendemos. Neste sentido tivemos una ampla participación na última reunión e na que comentamos os nosos grandes parámetros de traballo.

## Cal é un dos obxectivos máis importantes do SLG?

O primeiro é a renda digna para as persoas produtoras. As persoas produtoras necesitan rendas dignas e o modelo de produción ten que ir encamiñado para producir alimentos saudables para o conxunto da sociedade, non so un modelo que produza produtos ecolóxicos e de alta calidade para unha elite. Por outra banda parécenos unha gran

irresponsabilidade seguir destruindo aquí alimentos e pensar que despois veñan dende miles de quilómetros sobre todo co escenario que estamos vendo.

Outro punto é que nos enganamos se pensamos que somos alleos a esta tendencia global que hai de encarecemento, por exemplo nos combustibles fósiles xa que todo nos está a indicar que nun futuro serán máis caros ou menos dispoñible se moito do noso sistema de produción e alimentario tanto para os animais como para as persoas veñen de moitos quilómetros ou doutra parte do mundo.

Por iso cremos que hai que cambiar o modelo para facelo moito máis autónomo e que non poña en perigo á sociedade no sentido de que nun momento dado os alimentos non cheguen ou se o fan serán carísimos, e non falo so dos humanos senón tamén para os animais.

## E coa nova Lei da cadea alimentaria?

O Ministerio de Agricultura aprobou unha modificación da e nos seguimos pensando que lle faltan ferramentas para que sexa real. É dicir, se esa Lei pon que está prohibido vender por debaixo dos custos non deixa de ser un titular se non se poñen as ferramentas como os índices oficiais de custos de produción ou un sistema de mediación de contratos para que as condicións e os prezos non sexan abusivos. Hoxe se a xente está recibindo prezos abusivos nas súas granxas non hai ningún sistema legal de mediación que actúe para rematar con ese abuso ou resarcilo. Isto é unha preocupación importante e pensamos que a Xunta e o Ministerio non poden seguir botando balóns fóra.

## Tamén falan dos alimentos saudables, non?

Outro dos nosos obxectivos está en ter un sistema de produción de alimentos saudables que cheguen a totalidade da poboación, e que eses alimentos se produzan aquí de maneira principal e que detrás haxa unas condicións boas de vida para as persoas produtoras e tamén que esta actividade sexa coidadosa co medio, que coide a paisaxe, que faga que a terra estea viva e sen contaminación e que poidamos transmitir as vindeiras xeracións.

## Entendo que apoian e valoran o comercio local.

Nos pensamos que unha vía moi importante é que as persoas produtoras poidan chegar o máis directamente posible aos consumidores,

por iso a venda directa nos mercados ou a venda pública son maneiras para que poidan desenvolver esa parte. Así na venda pública poderían estar os seus produtos nos hospitais e nos comedores escolares que son vías de apoio importantes. Pero tamén necesitamos un cambio no marco pois moitas normas hixiénico sanitarias están feitas a medida das grandes industrias. Por exemplo, ti se produces polo ecolóxico ti non tes salas de despece ou matadoiros que che permitan comercializar eses polos directamente aos consumidores. Por iso necesitamos un marco como a que hai noutros países para que eses produtos de alta calidade se poidan comercializar e que ese marco este adaptado aos pequenos produtores.



## Polo tanto falta vontade política?

Claro, hoxe por hoxe vemos en todo o territorio proxectos moi interesantes de producións e de produtos de moi boa calidade, pero se as políticas van totalmente na dirección contraria de pouco serve esa axuda... Por exemplo no caso da mocidade, a xente nova que se instala no rural ten unha burocracia increíble. Coñezo un caso en Lourenzá dun proxecto de horta moi ben feito e moi sólido no que estaban unhas persoas moi traballadoras, pois negáronlles a axuda de incorporación porque tiñan unha factura cuns ingresos mínimos de agrarios. E despois cando se dirixiron a oficina pertinente para falar con eles e poder solucionar ese problema mareáronlles dunha oficina a outra, e así foi que abandonaron o proxecto. E isto é o que non pode ser.

## Entón necesítanse máis axudas?



Por suposto. A realidade é que non hai un programa de axuda á vivenda no rural e tal é así que fomos perdendo o 40% da superficie agrícola útil nos últimos 40 anos. Pero non hai un programa para axudar á xente a instalarse e facilitarlle tamén o acceso á terra ademais de atoparse con dificultades para vender os seus produtos, etc.

A PAC basease en dereitos históricos, pero á xente nova ou non recibe pagos ou nunha cantidade moi pequena ou moito menor que a media do seu sector. Así temos un balance tremendamente negativo onde desaparecen moitas máis granxas e son mínimas as incorporacións de xente que colla o relevo.

## Outro dos temas principais son os eólicos, porque prexudican tanto ao agro?

Nós pensamos que é unha gran eiva ter tan pouca superficie agrícola útil, neste momento pouco pasamos do 20% cando en moitos países europeos xa pasan do 50%. Pero hai un problema importantísimo que é como afecta á xente pois están poñendo aeroxeradores de 200 metros moi preto das vivendas.

## Como é posible?

Porque traballan cunha normativa dos anos 90 onde os aeroxeradores eran de 50 ou 70 metros e están a aplicar a mesma normativa pero con estes muíños eólicos que triplican esa altura.

## Ademais son un lastre paisaxístico e ambiental, non?

Si, afectan ao valor paisaxístico, ao turismo que busca tranquilidade, aos bens inmobles, aos veciños, etc, necesitamos outro modelo enerxético que non destrúa todo. Hai moitos proxectos é non se están a facer uns análises reais de calidade do seu impacto ambiental.

## Cal é o problema do modelo enerxético eólico?

Este modelo enerxético é totalmen-

te demencial, é dicir, nos temos máis potencia eólica instalada que consumo pero preténdese evacuar grandes cantidades de enerxía e está en mans de empresas que nada teñen que ver co territorio. Aquí quedan os impactos pero non os beneficios e enchen o noso territorio de liñas de alta tensión.

## Que leva implícito o lema Más labregas, mellores alimentos. A vida das persoas e do planeta no centro?

Este lema é unha das cuestións que sempre tivemos moi presentes. Está claro que a xente necesita alimentarse pero é importante tamén saber que tipo de alimentos lles chegan, se son alimentos de agriculturas totalmente industrializadas con gran cantidade de pesticidas, de antibióticos na cría de animais, con macroceba-deiros, con grandes impactos sobre a terra e a auga? Ou son alimentos feitos por un modelo sostible e coidadoso co medio e coa saúde das persoas e do planeta? Hai que ser moi conscientes xa que hoxe en día hai miles de mortes na Unión Europea por resistencias a antibióticos porque na cría industrial de animais úsanse dunha maneira moi importante e se os estamos inxerindo de maneira continuada fará que cada vez teñamos bacterias multiresistentes. Isto é un exemplo pero podería falar dos residuos de pesticidas ou de outras moitas cuestións que afectan á saúde. Entón eu creo que é moi importante pensar que a saúde ten unha relación directa coa alimentación e para iso ten que haber moitas persoas que non usen materias primas que acaben sendo prexudiciais para a saúde.

Por iso nos insistimos no lema pois o que nos venderon sempre foi que canta máis poboación agrícola desaparecera máis moderna era a sociedade, e eu creo que iso é unha equivocación, porque tamén ten que ver con ter menos emprego, menos riquezas rurais, peor calidade dos alimentos e modelos máis agresivos para o medio ambiente.

# DEPORTES

## Duas pratas para atletas de Friol en Pontevedra



Boa actuación dos deportistas do Club Atletismo Friol no Torneo de Reis de Pontevedra, proba que sirve para dar o pistoletazo de saída a tempada do 2022. A máis destacada volvíu ser María Carballido, que finalizaba na segunda posición na proba dos 1500 metros lisos, onde facía un tempo de 5 minutos exactos.

Outro que tomaba parte na proba dos 800 metros lisos era Cristian Montecelo, que se facía coa mesma segunda posición ao entrar na liña de meta cun crono de 1.59 minutos, marca idéntica a que fixera

uns días antes no meeting de Braga (Portugal).

Pola súa parte, Alejandro Fernández tomaba parte na disciplina dos 60 metros lisos, onde remataba cun interesante quinto posto cun tempo de 25.54 segundos.

Tamén debutaron nas probas absolutas os nenos da categoría sub 16. Mara Montes finalizaba na terceira posición da súa serie dos 300 metros lisos e Ramón Loureiro era quinto na súa. Por último, Mateo Villar acadaba o cuarto posto na carreira dos 1000 metros lisos da categoría sub 14.

## Segue a liga billardeira

O club Troitas Bravas faise co podio no Aberto do Galo de Ribadeo

Por mor da auga que anegou o campo de Outeiro na Devesa, a cuarta xornada da LNB NorLeste tivo que adiarse unha semana.

Así pois o XIV Aberto do Galo celebrouse aproveitando que o tempo deu un pouco de respiro cun día de sol espléndido.

Malia que o troque de data sempre trae algunha complicación, a participación foi boa acadando un total de 68 palanadores (49 homes, 16 donas e 3 cativos).

O ter catro campos de xogo simultáneos, a xornada fuxiu a fume de carozo. "Cando nos dimos conta xa tiñamos acabado e malia que xa non había auga no campo os Troitas Bravas nadaron máis bravas ca nunca e gañaron con 82 puntos por diante de Billardeiros Musicais (81) e de Chainzos Cadaval (74)", explicaron.

Por outra banda, tiveron que loitalo duramente pois o nivel dos palanadores cada volta é máis alto e un golpe mellor ou peor dado pode chimparte o podio ou deixarte a velas vir.



Unha xogada da última competición

Tanto é así que os catro mellores da xornada só se distanciaron nun punto. Dous con 23 e outros dous con 22. Javier (Chainzos-Cadaval) gañou a Toño (Troitas Bravas) as dúas carreiras polo primeiro posto e Basilio (Billardeiros Musicais) a súa vez tamén gañou as dúas carreiras a Gándara (Filloas de Sangue) acadando o terceiro posto.

En donas Aroa e Geni (Billardeiros Musicais) deixaron como terceira

a Vivi (Chainzos-Cadaval) e en infantís repetiu Aroa por diante do seu compañeiro Xoel e de Roi (Troitas Bravas). Os poderosos brazos de Charli, Sachas, Basilio, Bonxe, Félix, entre outros, zouparon con forza nas billardas, mais como era de esperar non houbo varados. Remataron coa entrega de agasallos.

A liga regular retómase o día 15 de xaneiro co Aberto da Pita de Mos en Castro de Ribeiras de Lea.

## Convocada de novo a IV edición da Quedada Lagoa de Cospeito o 12 de xuño



O grupo BTT Lagoa de Cospeito celebrará o 12 de xuño a cuarta edición da súa quedada anual, cita que non se puido celebrar os pasados dous anos debido á pandemia do coronavirus.

Quedou mal sabor de boca non poder celebralo xa que as primeiras edicións tiveron unha gran aceptación por parte dos deportistas, que fixeron un percorrido por carballeiras e camiños de varias parroquias do concello, incluíndo tamén sendeiros pola beira do río Támoga.

O trazado aínda está en proceso de definirse e o prazo de inscrición non está aberto pero o obxectivo é fixar esa data no calendario que podería suspenderse de novo se a situación sanitaria así o requirise.

## Éxito de participación na Carreira Popular de Castro de Rei



Moi boa acollida tivo un ano máis a IV Carreira Popular de Castro de Rei, con máis de 300 participantes. O gañador da absoluta foi José Manuel Penas Varela, que utilizou un tempo de 52.22 minutos, seguido de Adrián Castro Rodríguez (54.25 minutos) e David Pájaro Varela (54.37 minutos).

Na categoría sénior o liderado foi para José Luis López Ignacio

(54.25 minutos), ao que seguiron Javier Veiga Arrojo (55.33 minutos) e Adrián Paz Castro (58.35).

Begoña Pacio López foi a primeira clasificada na feminina cun tempo de 1.01.33. A segunda posición foi para Ana González Margaride (1.02.21) e a terceira para Chus Conde Rodríguez, que parou o reloxo en 1.02.32.

## Asapa entrega un lote de test de antixenos aos equipos locais antes do reinicio da liga



A Asociación de Comerciantes da Pastoriza (Asapa) fixo chegar ao club de fútbol local, a UD Pastoricense, un lote de 30 test de antixenos, que foron entregados aos xogadores dos equipos principais do club, o de Primeira Galicia masculino e o feminino de fútbol sala.

O obxectivo é colaborar cos equipos locais para a realización das probas periódicas que teñen que facer para a detección da covid antes da volta aos campos, que tivo lugar a primeira fin de semana des-

pois de Reis, aínda que a maior parte deles foron aprazados. De feito ao Pastoricense tocáballe xogar en Santa Cruz contra o Lourenzá, pero queda aprazado para outras datas. As que si xogaron foron as rapazas do fútbol sala, ante o Praia de Barreiros na casa o sábado pola tarde.

Teresa Prado, como secretaria de Asapa, e Marcos García Lombardero, como presidente da entidade, foron os encargados de achegar os test ao club facendo a entrega a Kami.

## O Vilalba FS faise co Memorial Francisco Javier González Vázquez

Vilalba acolleu para rematar o ano o tradicional Memorial Francisco Javier González Vázquez, dedicado ao que foi fundador e presidente do club e que chegaba a súa oitava edición. O Grupo Forma- T Vilalba FS feminino fíxose coa vitoria no pavillón municipal de Vilalba. Nesta ocasión, tivo lugar un partido de fútbol sala feminino, no que se mediron o equipo anfitrión, de Preferente Autonómica, e o A Fervenza FSF, de Segunda División. Intenso partido como corresponde a unha final co marcador igualado a uns grazas a un gol de Sabela polo que a final tivo que decidirse a penaltis.



## Adiaratou Iglesias visitou o Santo Anxo

A atleta Adiaratou Iglesias, gañadora dunha medalla de ouro e outra de prata nos Xogos Paralímpicos de Tokio, visitou o centro de menores de Santo Anxo de Rábade para achegarlles a súa historia. Adiaratou Iglesias naceu en Mali e estivo os seus primeiros anos nun centro de menores ata que foi adoptada. A deportista falou coas mozas e mozos para explicarlle que ela tamén estivo nunha situación semellante á deles.



## Biciclistas Galegos xa ten listo o calendario do 2022

O pasado 31 de decembro Biciclistas Galegos celebrou a ruta dos cumios, unha tradicional xuntanza para despedir o ano 2021. Esta actividade puxo fin ao calendario do 2021 definido por 9 actividades realizadas en distintas zonas da provincia de Lugo e Coruña entre as que destacaron as rutas da Muller, do Forgoso, de Abadín e varias rutas de iniciación dirixidas a fomentar o ciclismo entre os máis novos. Case medio centenar de persoas participaron nestas actividades nun ano novamente caracterizado pola pandemia.

De cara a este novo ano, Biciclistas prepara un calendario cunha ducia de actividades de todo tipo dirixidas tanto a principiantes como a ciclistas máis experimentados. A programación prevista por esta asociación para o ano 2022, abarca distintos es-

cenarios dentro da Terra Chá, Lugo, A Capela e zonas limítrofes. As actividades comezarán no mes de marzo e rematarán o 31 de decembro e terán en conta as medidas de seguridade que existan pola pandemia.

Como sempre, trátase de realizar actividades que teñen por obxectivo disfrutar da bicicleta dun xeito non competitivo, reforzando o compañeirismo e a cooperatividade e poñendo en valor as riquezas paisaxísticas e turísticas das zonas onde se desenvolven. Ademais, a asociación pretende reivindicar e reforzar o uso da bicicleta como medio de transporte limpo, efectivo, e saudable, de cara a frear a contaminación derivada dos nosos desprazamentos diarios e da cesión desigual de espazos ao vehículo de combustión fronte ao peón ou ciclista.

## TELÉFONOS DE INTERESE

### ABADÍN

Concello: 982 50 80 21  
Garda Civil: 982 50 80 11  
Centro de Saúde: 982 50 81 22

### A PASTORIZA

Concello: 982 33 21 97 / 982 33 21 60  
Garda Civil: 982 34 90 20  
Centro de Saúde: 982 33 21 41

### AS PONTES

Concello: 981 45 31 16  
Policía Local: 981 45 31 91  
Garda Civil: 981 45 00 05  
Centro de Saúde (cita previa): 981 45 12 51

### BEGONTE

Concello: 982 39 61 43  
Garda Civil: 982 39 80 08  
Centro de Saúde: 982 39 69 02

### CASTRO DE REI

Concello: 982 31 40 34 / 982 31 41 32  
Garda Civil: 982 31 40 02  
Centro de Saúde (cita previa) 982 21 10 18  
Castro de Rei: 982 31 42 11  
Ribeiras de Lea: 982 31 11 14

### COSEPITO

Concello: 982 52 00 01 / 982 50 40 57  
Garda Civil: 982 52 00 17  
Centro de Saúde (cita previa): 982 52 01 20  
Feira do Monte: 982 50 34 69  
Consultorio de Muimenta: 982 50 40 57

### FRIOL

Concello: 982 37 50 01  
Garda Civil: 982 37 50 02  
Centro de Saúde: 982 37 10 98  
Cita Previa 982 37 10 05

### GUITIRIZ

Concello: 982 37 01 09 / 982 37 58 00  
Garda Civil: 982 37 00 01  
Centro de Saúde: 982 37 21 10  
Parga P.A.C.: 982 37 05 00

### MEIRA

Concello: 982 33 01 02  
Garda Civil: 982 33 00 04  
Centro de Saúde: 982 35 69 27  
Cita previa: 982 33 02 40

### MURAS

Concello: 982 50 00 01  
Garda Civil: 982 50 00 20  
Centro de Saúde: 982 50 01 23

### OUTEIRO DE REI

Concello: 982 39 32 81 / 982 39 30 55  
Garda Civil: 982 39 00 05  
Ambulancia: 982 23 16 13  
Centro de Saúde: 982 39 25 98  
Cita previa: 982 39 32 67  
P.A.C.: 982 39 34 00

### POL

Concello: 982 34 50 29  
Garda Civil: 982 33 00 04  
Centro de Saúde: 982 34 59 20 / 982 34 53 76

### RÁBADA

Concello: 982 39 00 62 / 982 39 00 52  
Garda Civil: 982 39 00 05  
Centro de Saúde: 982 39 01 01

### RIORTORTO

Concello: 982 34 62 22  
Garda Civil: 982 34 22 22  
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

### VILALBA

Concello: 982 51 03 05 / 982 51 07 16  
Policía Local: 982 51 07 67 / 608 08 00 50  
Garda Civil: 982 51 03 07  
Centro de Saúde (cita previa): 982 51 03 11

### XERMADE

Concello: 982 50 10 01 / 982 50 20 03  
/ 982 50 10 27  
Garda Civil: 982 50 10 08  
Centro de Saúde: 982 50 11 34 / 982 50 10 55

📞 Teléfonos: [www.terrachaxa.com](http://www.terrachaxa.com)



**Emerxencias: 112**  
**Urxencias Sanitarias: 061**

**Incendios Forestais: 085**  
**Garda Civil: 062**



### TELÉFONOS DE INTERESE

# TERRACHAXA

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Teléfono 661 464 323

[redaccion@terrachaxa.com](mailto:redaccion@terrachaxa.com)

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.  
Dirección: Diego E. García Puente  
Teléfonos: 661 464 323 - 673 903 924  
E-mail: [redaccion@terrachaxa.com](mailto:redaccion@terrachaxa.com)  
Impresión: Tameiga Publicacións S.L.  
Dep. Legal: LU-517-03  
ISSN 2660-4507

# COLABORACIÓNS

## Medio século de ilusión

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

**C**usta imaxinarse aquelas intrépidos e inquietos homes que alá a principios dos setenta romperon os miolos para crearen en Begonte, a carón da vella nacional sexta, un belén electrónico. Nuns tempos nos que a modernidade e o progreso eran, polo xeral, alleos a aquela Galicia profunda, pero viva, un crego, don José, e un argalleiro emprendedor, José Rodríguez Varela, foron quen de darlle vida ao nacemento do Neno Xesús.

Un lembra de neno a tradicional visita do colexio ás instalacións onde contemplabamos en apenas uns minutos como o día se transformaba en noite, o sol daba paso

á chuvia e á neve, mentres aquelas figuras que representaban os oficios tradicionais do País non paraban de moverse. O Ferreiro, o zoqueiro, os pastores coidando o seu gando, labregos sementando, leñadores serrando na madeira ou a muller amasando no pan, atendían o seu lerio a carón do presebe onde o fillo de Deus, acompañado dos seus pais, un boi e unha mula que lle daban calor, agardaba pola chegada dos Reis Magos de Oriente, que viñan nos seus camelos para adoralo. A maxía embaucaba a pequenos e a grandes por igual, hai cincuenta anos, vinte e cinco, dez e tamén no día de hoxe. O resultado daquela brillante iniciativa constatábase nadal a nadal cos milleiros de visitantes que se achegaban a Begonte para contemplar o belén. Cada edición era distinta á anterior, pero ao mesmo tempo moi parecida, xa que



todo estaba inventado. Begonte foi coñecido no resto de Galicia, identificando o municipio co seu belén electrónico. Foron ducias nos distintos certames de poesía, xornalismo ou arte e moitos máis os participantes nos mesmos. Os medios de comunicación facíanse e fanse eco do acontecemento, sendo un clásico nesta época do ano.

Co paso do tempo xurdiron imitacións noutras localizacións, moi meritorias todas elas, mais se existe un belén electrónico con galóns, ese é o de Begonte. Cincuenta anos é toda unha vida, pero na historia da Humanidade non supón máis ca un suspiro. Chegar á idade da madurez cunha saúde de ferro ten o seu aquel, polo que todos os que dunha ou doutra maneira participan na continuidade

deste milagre en plena Terra Chá, merecen un gran recoñecemento pola súa laboura. Os últimos dous anos están a ser complexos e difíciles pola situación que condiciona a vida de toda a sociedade, supoñendo todo un desafío á hora de dar resposta a unha realidade que nos supera amplamente.

Virán tempos mellores, ou incluso tan malos ou peores cós actuais. E abofé que o belén electrónico de Begonte seguirá abrindo a súas portas un ano máis, a carón da nacional sexta, para que persoas, familias e grupos chegadas de moi pretiño ou de lonxe, contemplan como tras da noite chega o día e as figuras vólvense mover.

As vodas de ouro tiveron lugar. A partir de agora, o reto é chegar ás de platino coa forza e ilusión que caracterizan esta obra de arte que leva medio século entre nosoutros.

## 2022, ano da resiliencia

DE FOLIADA EN REIGADA



Moncho Paz

**Q**ue dicir da palabra resiliencia, empregada habitualmente nos últimos tempos por políticos, xestores e comunicadores? En Física, é a capacidade de resistencia ao choque que presenta un determinado material. En Psicoloxía, enténdese como a condición dos seres humanos para adaptarse positivamente ás situacións adversas e de recuperarse fronte a elas. Xa que logo, unha verba moi apropiada nos tempos que corren. Imsos ao tema que hoxe nos ocupa: o Plan para a Recuperación, Transformación e Resiliencia do Goberno español. Podemos dicir que no ano 2021 sentáronse as bases para a súa execución, coa posta en marcha dos instrumentos legais, institucionais e financeiros para axilizar a súa implementación. Atendendo ao executado no devandito exercicio, autorizáronse o 73% dos fondos e comprometéuse máis do 64% do investimento previsto. Unhas cifras nada desprezables, malia ás mensaxes e falsidades repetidas unha e outra

vez pola dereita e a ultradereita a través dos medios de comunicación afíns e dalgúns tertulianos expertos en simular unha realidade enganosa e superficial.

En relación ao sector enerxético, aprobouse o Proxecto Estratégico para a Recuperación e Transformación Económica (coñecido coma o PERTE de Enerxías Renovábeis) para desenvolver novos modelos de negocio que reforcen o eido das enerxías limpas, mobilizando un investimento total superior a 16.000 millóns de euros. Nada máis e nada menos. En materia agrícola, o Goberno central aprobou un Real Decreto que modifica as bases reguladoras para a concesión de subvencións á execución de proxectos de innovación en materia de produtividade e sustentabilidade, no marco do Plan Nacional de Desenvolvemento Rural. Algo moi importante para Galicia, pois o crecemento da nosa economía verase reforzado así con este Plan de Recuperación. As reformas e investimentos que se están a levar a cabo terán un evidente protagonismo para impulsar un crecemento sólido, incluso e equilibrado ao longo de 2022 e de 2023. As cousas como son.

Como boa nova, sinalar que a



posta en marcha do Plan fixo que España sexa o primeiro estado da Unión Europea en recibir a avaliación positiva para a transferencia de fondos por obxectivos cumpridos no primeiro semestre do ano, por un importe de dez mil millóns de euros. Unha pésima noticia para Pablo Casado, que segue na teima (e ademais cunha mala educación in crescendo nas súas intervencións parlamentarias) de restar méritos ao conseguido polo executivo de Pedro Sánchez. Pouco ou nada podemos pedirlle a esta desleal oposición do PP e Vox, que simbolizan o neoliberalismo salvaxe e non ofrecen alternativas reais. Non esquezamos que o despregue do Plan pivota sobre a base do diálogo, con en-

contros cos representantes económicos e sociais, con expertos, con grupos políticos e con outros axentes colaboradores. Hai que insistir, pois, no verbo colaborar e na actitude colaboradora, termos que polo visto non encaixan no catecismo cavernícola da desleal oposición.

As reformas e os investimentos previstos no Plan de Recuperación outorgan un papel moi relevante ás comunidades autónomas, que se verá reflectido na xestión orzamentaria que realicen destes fondos. Esta é unha boa nova para Galicia. Agora o importante é xestionalo con lealdade institucional e que non sexan outros os que se apunten os tantos, coñecendo a

“tendencia Feijóo” de barrer sen vasoira.

Para maximizar o impacto sobre a economía real, o Goberno anunciou o investimento en proxectos cun forte potencial tractor, como a estratexia de mobilidade sustentábel, segura e conectada; os programas de rehabilitación de vivenda e rexeneración urbana; os de teitos solares e de puntos de recarga; os de saneamento, depuración e infraestruturas de xestión de residuos en municipios de menos de 5.000 habitantes; a rehabilitación de costas ou o pulo definitivo á conexión de alta velocidade.

Coa finalidade de identificar estes proxectos e aos principais axentes para desenvolvelos, o bipartito estatal xa publicou vinte e sete manifestacións de interese. Este instrumento, totalmente novidoso, potencia a efectividade do Plan, pois permite que se axuste ás necesidades do tecido empresarial e dos cidadáns. Trece destas manifestacións corresponden ao ámbito da dixitalización. En definitiva, con estes avances non queda outra ca agardar que a segunda metade da lexislatura permita seguir avanzando e, entre todos, consigamos minimizar o impacto da pandemia.

# Conversas con Jon Fano, do Movemento de Pensionistas Vasco

FAÍSCAS QUE ESPALLA O VENTO



Raul Río

**O** Movemento de Pensionistas de Euskal Herria (MPEH/ EHPM) é un dos máis activos de todo o Estado español, tanto en actividades como en reivindicacións, polo que tiña ganas de contarlle algo aos lectores, sobre esta organización da que tamén formo parte. Para elo conversei con Jon Fano, un dos dirixentes máis activos e que mellor coñece o tema.

Contounos que o seu nacemento ven do descontento que provocou cando o goberno de Zapatero non subiu un ano as pensións e despois o PP aplicounos un 0,25% de subida e revalorización. Foi entón, o 15 de xaneiro de xa fai catro anos, cando os pensionistas, espontaneamente saímos á rúa todos os luns, para reivindicar unhas pensións públicas dignas, con unhas revalorizacións mínimas igual ao IPC. Pero, ademais, vendo que hai no País vasco e no resto do Estado centenas de millóns de persoas, principalmente mulleres, que perciben pensións mínimas moi por debaixo de 1080 euros, reivindicamos esta cantidade como tope mínimo.

Porque o Movemento de Pensionistas Vasco non so loita polo IPC, senón que planea tamén outras medidas para garantir un sistema de pensións públicas de carácter universal; mellorar os salarios para que as cotizacións aumenten; acabar coa temporalidade que ataca e machuca ás máis novas; acabar coas horas extras ilegais, que non se cotiza por elas; des topar as cotizacións máximas, etc.

Pola mesma lóxica di que é fundamental establecer un salario mínimo interprofesional de 1200 euros mensuais en 14 pagas, que, tanto os 1080 de pensión mínima, como o SMI correspóndense coa aplicación da Carta Social Europea, que por certo, foi asumida e comprometida polo goberno de coalición cando acordaron o programa co que ían actuar nesta lexislatura.

Asegura que unha das plataformas, maioritaria dentro do Movemento, e que se implicou a fondo no impulso das primeiras mobilizacións, foi Gaurgeroa, que está conformada por Pensionistak Martxan en Bizkaia e en Nafarroa, Duintasuna Elkarte en Gipuzkoa e Arabako Pensionistak Lanean en Araba. Gaurgeroa é quen vertebra este Movemento, que agrupa a outros pensionistas e outras plataformas existentes no País Vasco. Dentro



desta organización hai -ideoloxicamente falando- un sector maioritario que considera que este país, Euskal Herria, ten dereito á súa soberanía e entre outras cousas a dispor dun sistema público e propio de pensións, pero iso non significa que no conxunto do grupo, todos e todas as pensionistas asuman este proxecto. Polo tanto, como denominador común, unitario e plural esta esixencia non está planeada como tal. O que temos en común é que ás institucións públicas hai que esixirlles un sistema público de pensións dignas.

Jon Fano considera que nestes momentos atopámonos nunha situación un pouco complicada, pois foi aprobado xa o proxecto de lei da reforma das pensións, que supón un recorte grave, pois este ano, 2021, vannos aplicar un novo IPC que reduce a menos da metade o IPC acumulado histórico, que se veu utilizando sempre para a actualización das pensións e tamén para os convenios colectivos de empresa, sectoriais e demais. Esta lei que se vai aplicar, non so constitúe un recorte este ano -e para toda a vida- do 3%, e non constitúe ningún avance para ir mellorando as pensións mínimas, co que vai haber millóns de persoas, sobre todo mulleres, que non van coñecer minimamente unha mellora substantiva das súas pensións e, ademais, esta primeira parte vai ter continuidade nunha segunda reforma que se pretende levar a cabo no próximo semestre, onde se conteñen medidas aínda máis gravosas, non tanto para os pensionistas actuais como para as futuras e inmediatas xeracións de pensionistas.


Unha e outra vez temos que destacar que son sobre todo as mulleres pensionistas, viúvas ou non, quen máis están sufrindo esta situación e un goberno que se di progresista, na vez de axudar a recortar a brecha de xénero que hai en pensións,

en salarios e en dereitos sociais, non fai senón perpetuar esta brecha en todos os terreos.

¿Cal é a nosa resposta a esta situación? Preocúpanos moito que a maioría das forzas progresistas de esquerda do Estado Español deran o seu apoio a isto, naque hai que recoñecer que no noso caso, EH Bildu, presentou distintas emendas e abstívose na votación. Pero o peso simbólico que ten este apoio, no que se vai apoiar o goberno de coalición para levar adiante as súas medidas, crea complicacións no conxunto do Estado e tamén en Euskal Herria.


Por elo estamos explicando nas prazas, nos pobos e nas manifestacións, os argumentos polos que consideramos que se trata dunha reforma que consolida recortes anteriores, non mellora nada a situación; fai permanecer todos os problemas no estado que xa estaban e por tanto, a pesar destas dificultades, non hai ningún titubeo para continuar coas mobilizacións, esixindo unhas pensións dignas, unha pensión mínima de 1080 euros, mobilizándonos constantemente cos traballadores e traballadoras para responder, tanto nas pensións como nas medidas laborais que están sufrindo os traballadores; estámolo facendo tamén coas asociacións de familiares de residentes, porque ao que estamos asistindo é a un proceso de privatización dos sistemas de saúde, sobre todo socio-sanitarios que afectan dun modo fundamental, porque son servizos en boa parte dirixidos a persoas maiores, das que nosoutros e nosoutas formamos parte, aspirando a que a vida das persoas maiores, tanto no que fai referencia ás pensións como ás súas condicións de vida, saúde e dereitos sociais que son fundamentais, polo que seguiremos esixindo, tanto ao goberno do Estado como aos autonómicos, que respondan a estas necesidades.

a elección de...




**Yolanda García Cabana**  
Voceira do BNG de Cospoito

un libro



Aquitania  
de Eva G. Sáenz de Urturi

un disco



Crossroads  
de Tracy Chapman

unha película




100 metros

un personaxe histórico



Clara Campoamor

un lugar para visitar



Vitoria

unha afección



Ler

unha comida



Callos e tortilla

unha bebida



Cervexa

Consulta os eventos en:  
[www.terrachaxa.com](http://www.terrachaxa.com)



¡ Haz tus encargos !

San Roque 3.  
Novo Cazón 12.

982510062  
620417383

¡ Felices fiestas !

## DE RUTA EN RUTA

# A Pastoriza: Ruta de Maeloc

Este roteiro, que vén de estrearse, levará aos sendeiristas a coñecer unha das grandes panorámicas da toda a Chaira

A ruta de Maeloc, ubicada na parroquia de Bretoña ten unha dificultade media e arredor dos 15 quilómetros. Este é un roteiro de recente creación e que dá comezo nun lugar emblemático do Concello, o paseo fluvial de Bretoña, xusto ao lado da carballeira onde se celebraban as festas de Lugnasad. Este sendeiro transcorre durante un quilómetro e medio polo paseo fluvial de Bretoña. Alí, poderase comezar a camiñar seguindo os postes e poderase desfrutar da natureza e de tres muíños perfectamente restaurados. É unha ruta de variada flora que conta tamén con algúns elementos etnográficos.

Seguindo a sinalización, e despois de camiñar cinco quilómetros, haberá unha indicación de desvío á esquerda e enfronte unha lixeira pendente pola cal haberá que seguir facendo caso omiso ao sinal. Así, pasarase un peche de arame, que haberá que deixar novamente pechado para despois seguir subindo ata ato-

par un noiro. Unha vez salvado, comezará a camiñar pola pista de eólicos ata atopar novamente unha sinalización que, por unha abrandada pradería, levará á Pena Gallada, punto xeodésico de Carracedo e unha magnífica panorámica con Foz ao fondo sempre e cando a meteoroloxía o permita e o día sexa claro.

Ao oeste vense gran parte das montañas da Fonsagrada ata Os Ancares e conta cun miradoiro excepcional. Os habituais sendeiristas explican que hai dúas formas de facer a devantida ruta, en especial para principiantes, que consiste en ir en sentido descendente.

O percorrido non representa ningunha complicación técnica salvo a que poida presentar o salvar o noiro que non permitirá penetrar no eólico.

É un entretido roteiro coa compensación das vistas panorámicas do Monte Carracedo.



## DATOS



3 h 50 min.



15,4 km.



Dificultade media



# CAP

## TODOS LOS MESES

## Formación Bonificada

- Curso obtención Tarjeta Profesional de la Construcción
- Curso Operador de Carretillas
- Curso Manipulador de Alimentos



**GRUPO FORMAT**  
formación integral de empresas

## Cursos y Certificados

- Curso Fitosanitarios
- Curso Bienestar Animal
- Cursos sector eólico, sector telecomunicaciones
- Curso sector Maderista

Pol. Sete Pontes - Rúa do Acivro, 59 Vilalba, Lugo  
alfonso@grupoforma-t.es - www.grupoforma-t.es  
Telf.: 982 51 36 05